

***Plan Estratégico Zonal do
Grupo de Acción Costeira
Ría de Arousa***

NOTA: Plan Estratégico Zonal (V1) – Texto consolidado a xaneiro 2009

INDICE

A. Diagnose

1. ANÁLISE TERRITORIAL
 - 1.1. Poboación
 - 1.2. Mercado de Traballo
 - 1.3. Actividade Económica
 - 1.4. Infraestrutura
2. Análise DAFO
 - 2.1. Descrición metodolóxica
 - 2.2. DAFO Territorial
 - 2.3. Previsión de creación de emprego

B. Proposta estratéxica zonal

1. Visión estratéxica
 - 1.1. Prioridades do FEP
 - 1.2. Plan Estratégico Zonal
2. Liñas estratéxicas e actuacións previstas
 - 2.1 Esquema Xeral
 - 2.2. Liña 1: Imaxen territorial
 - 2.3. Liña 2: Competitividade e diversificación do sector pesqueiro
 - 2.4. Liña 3: Desenvolvemento do turismo “mariñeiro”
 - 2.5. Liña 4: Desenvolvemento de sectores dependentes
 - 2.6. Liña 5: Patrimonio natural, cultural e etnográfico
3. Criterios de valoración de proxectos

C. Proposta de execución

1. Plan financeiro
2. Proxectos por cada eixo de acción
3. Gastos de xestión
4. Porcentaxe anual de execución
5. Cronograma
6. Sistemas de control e seguimento
 - 6.1. Funcións do GAC
 - 6.2. Seguimiento e control
 - 6.3. Indicadores de xestión

D. Elementos transversais do PEZ:

1. Mecanismos establecidos para garantir a aplicación do principio de igualdade de oportunidades.
2. Enfoque innovador da estratexia e das actuacións previstas.
3. Plan de información, publicidade e transferencia.
4. Sustentabilidade do proxecto e do GAC máis alá da xestión do programa.

Anexo: Fichas de entidades

A) DIAGNOSE

1. ANÁLISE TERRITORIAL

1.1. POBOACIÓN

1.1.1 Poboación e densidade

A zona de intervención está formada polos concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Riveira, Cambados, Catoira, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. Conta cunha poboación total de 157.106 habitantes, ocupa 455 km² e ten unha densidade poboacional total de 345 hab/km², moi por riba da media galega que está en 94 hab/ km². Como pode observarse tódolos concellos teñen unhas densidades de poboación moi altas.

Os concellos que destacan pola súa densidade son Vilagarcía de Arousa (830 hab/ km²), A Illa de Arousa (693 hab/ km²), Cambados (590 hab/ km²) e O Grove (510 hab/ km²). Casos significativos son o de Vilagarcía, que ten a maior densidade da zona, só ocupa un 10% do territorio e conta con máis de 36.500 hab ou A Illa de Arousa que ten unha densidade de case 700 hab/ km² e apenas ocupa o 2% da zona.

Pola contra, con menor densidade están Rianxo, Meaño e Boiro. Aínda así, moi por riba da media de Galicia.

Nesta zona, a pesar de ser reducida (455 km²), o número de habitantes é elevado.

TÁBOA 1: DENSIDADE DE POBACIÓN (PERSOAS/ KM²) ANO 2006

	Poboación	Extensión (km ²)		Densidade de poboación (hab/km ²)
Boiro	18.554	87	19%	213
A Pobra do Caramiñal	10.001	33	7%	303
Rianxo	11.246	59	13%	191
Riveira	27.053	69	15%	392
Cambados	13.562	23	5%	590
Catoira	3.482	29	6%	120
O Grove	11.225	22	5%	510
A Illa de Arousa	4.849	7	2%	693
Meaño	5.494	28	6%	196
Ribadumia	4.529	20	4%	226
Vilagarcía de Arousa	36.519	44	10%	830
Vilanova de Arousa	10.592	34	7%	312
TOTAL	157.106	455		345
GALICIA				94

Fonte:INE. Padrón municipal de habitantes

1.1.2 Tendencia da poboación

O crecemento da poboación da área apenas variou nos últimos tres anos, pasando de 156.263 hab. no 2005 a 157.909 hab. no 2007; incrementándose o saldo en 1.646 hab.

En termos absolutos, este incremento de poboación repártese principalmente entre os municipios de Vilagarcía de Arousa, onde supuxo case o 50% do total, en Ribadumia (20% do total) e Riveira (18% do total). Os concellos de Vilagarcía e Riveira, nos que se concentra o 40% da poboación da zona representan as vilas cabeceira da zona sur e norte da ría. No caso de Ribadumia, a localización deste concello e a mellora das comunicacións coa vía rápida do Salnés e a autopista A-9, propiciaron un espectacular desenvolvemento nos últimos anos.

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

A análise por concello non evidencia variacións significativas na poboación, e en nove dos doce concellos, esta variación esta por debaixo da media autonómica. Destaca polo saldo positivo o municipio de Ribadumia, xa comentado anteriormente, que cun incremento do 7,9% supera considerablemente ao resto do territorio. Os seguintes lugares os ocupan os municipios de Vilagarcía, Vilanova e Riveira.

TÁBOA 2: LIÑA DE TENDENCIA DA POBOACIÓN TOTAL (2005-2007)

	2005	2006	2007	INCREMENTO DA POBOACIÓN	
Vilagarcía de Arousa	35.954	36.519	36.743	789	2,19%
Catoira	3.502	3.482	3.480	-22	-0,63%
Riveira	26.884	27.053	27.181	297	1,10%
Boiro	18.469	18.554	18.547	78	0,42%
Rianxo	11.528	11.246	11.554	26	0,23%
A Pobra do Caramiñal	9.951	10.001	9.923	-28	-0,28%
Vilanova de Arousa	10.497	10.592	10.638	141	1,34%
A Illa de Arousa	4.884	4.849	4.889	5	0,10%
Cambados	13.581	13.562	13.591	10	0,07%
Ribadumia	4.317	4.529	4.658	341	7,90%
Meaño	5.478	5.494	5.479	1	0,02%
O Grove	11.218	11.225	11.226	8	0,07%
TOTAL	156.263	157.106	157.909	1.646	1,05%

Fonte. INE

Saldos negativos aparecen nos concellos de Catoira e Pobra de Caramiñal.

1.1.3 Movements poboacionais

En canto aos movementos naturais de poboación, se se analiza o incremento da poboación de maneira máis pormenorizada, observando os saldos vexetativos do ano 2007 pódese apreciar:

- O saldo vexetativo total é negativo, e comparado cun incremento da poboación duns 800 hab. do ano 2006 ó 2007, deriva na importancia dos movementos migratorios que veremos máis adiante
- A metade de concellos teñen saldo vexetativo positivo: Vilagarcía de Arousa, Riveira, Boiro, A Illa de Arousa, Cambados e Meaño. Pero en termos relativos, estas cifras son pouco relevantes
- Saldo negativo aparecen nos concellos de Catoira, Vilanova de Arousa, A Pobra e Rianxo.

TÁBOA 3: MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN (2007)

	NACEMENTOS			DEFUNCIÓNS			SALDO VEXETATIVO		
	TOT	H	M	TOT	H	M	TOT	H	M
Vilagarcía de Arousa	344	168	176	325	170	155	19	-2	21
Catoira	26	13	13	46	25	21	-20	-12	-8
Riveira	275	135	140	264	139	125	11	-4	15
Boiro	155	87	68	154	71	83	1	16	-15
Rianxo	93	52	41	122	71	51	-29	-19	-10
A Pobra do Caramiñal	67	39	28	97	50	47	-30	-11	-19
Vilanova de Arousa	103	54	49	145	66	79	-42	-12	-30
A Illa de Arousa	55	29	26	50	31	19	5	-2	7
Cambados	148	81	67	135	67	68	13	14	-1
Ribadumia	50	30	20	53	25	28	-3	5	-8
Meaño	56	31	25	46	27	19	10	4	6
O Grove	88	45	43	93	53	40	-5	-8	3
TOTAL	1460	764	696	1530	795	735	-70	-31	-39

Fonte: IGE-INE

En canto ós movementos migratorios; existe un saldo total positivo de 989 persoas no ano 2006 porcentualmente pouco significativo tendo en conta a poboación total da zona nese ano (0,63%). O concello de Vilagarcía incrementou o seu número de habitantes en 507, seguido, pero xa máis lonxe de Ribadumia (174 hab.) e Riveira (167 hab.).

Tamén hai que destacar algúns datos sobre as características destes movementos (fonte IGE):

- O concello de Vilagarcía recibe 502 inmigrantes da súa provincia, fronte ós 1980 que son o número de inmigrantes totais dos concellos estudados (supón o 25%). Tamén a emigración é numerosa (383 dos 1987 do total).
- No saldo migratorio por concellos destaca o caso de Ribadumia, cunha variación porcentual do 3,8%, moi superior ó comportamento medio do territorio.
- Na acollida de inmigrantes do estranxeiro, salienta en termos absolutos Vilagarcía de Arousa, cun 37% das persoas que chegaron ese ano á ría de Arousa. Algo máis lonxe aparece Riveira cun 22%, estes dous municipios volven ter as cifras máis altas nas emigracións cara ó estranxeiro, cun 40% e un 26% respectivamente.
- No peso relativo sobre o conxunto das inmigracións das persoas que proceden do extranxeiro destacan sobre a media e por este orden os concellos de Riveira, Vilagarcía.


Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

TÁBOA 4: MOVEMENTOS MIGRATORIOS (ANO 2006)

	EMIGRACIÓNS	INMIGRACIÓNS	SALDO	% pob. municipal
Vilagarcía de Arousa	1059	1566	507	1,39%
Catoira	87	98	11	0,32%
Riveira	571	738	167	0,62%
Boiro	387	421	34	0,18%
Rianxo	222	254	32	0,28%
A Pobra do Caramiñal	221	199	-22	-0,22%
Vilanova de Arousa	298	359	61	0,58%
A Illa de Arousa	83	99	16	0,33%
Cambados	360	375	15	0,11%
Ribadumia	151	325	174	3,84%
Meaño	129	107	-22	-0,40%
O Grove	231	247	16	0,14%
TOTAL	3799	4788	989	0,63%

Fonte: IGE

GRÁFICO 1: MOVEMENTOS MIGRATORIOS: SALDOS INTERNOS E EXTERNOS (ANO 2006)



Fonte: INE

En referencia aos saldos migratorios é interesante examinalos de maneira máis desglosada, facendo a seguinte distinción: saldos interiores e exteriores. E dentro do saldo interior; os movementos co estranxeiro, xa que aparecen datos significativos con respecto aos demais.

O saldo interno está composto polos movementos “dentro da provincia” e “co resto de Galicia”, o exterior divídese en “o resto de España” e “o estranxeiro”. A continuación cítanse algúns datos de interese (fonte IGE):

- Saldo interior: a maioría das migracións prodúcense dentro da provincia: é importante a cifra de Vilagarcía que percibiu habitantes de concellos de Pontevedra e Ribadumia. Estas cifras son relevantes, sobre todo porque case tódalas demais teñen saldos negativos (Boiro, Cambados, A Pobra...). Entre estes concellos e o resto de Galicia o volume de movementos migratorios é menor pero aínda así, a maior aportación faina Vilagarcía.
- Saldo externo: resaltan as cifras de Vilagarcía e Riveira polas persoas procedentes do estranxeiro (316 e 180 respectivamente), en cambio co resto de España case se compensan os saldos positivos e negativos.

No caso de Vilagarcía, este saldo de 316 persoas procedentes do estranxeiro, supón o 36% do total, polo que deducimos que o saldo co resto de España, que é o outro compoñente do “saldo externo”, é negativo.

TÁBOA 5: SALDOS MIGRATORIOS 2006

	TOTAL		Saldo interno		Saldo Externo		Co estranxeiro	
Vilagarcía de Arousa	507	31,69%	194	181%	313	35%	316	36%
Catoira	11	0,69%	-8	-7%	19	2%	13	1%
Riveira	167	10,44%	0	0%	167	19%	180	20%
Boiro	34	2,13%	-55	-51%	89	10%	74	8%
Rianxo	32	2,00%	-36	-34%	68	8%	41	5%
A Pobra do Caramiñal	-22	-1,38%	-26	-24%	4	0%	15	2%
Vilanova de Arousa	61	3,81%	10	9%	51	6%	42	5%
A Illa de Arousa	16	1,00%	-10	-9%	26	3%	25	3%
Cambados	15	0,94%	-43	-40%	58	7%	80	9%
Ribadumia	174	10,88%	144	135%	30	3%	15	2%
Meaño	-22	-1,38%	-38	-36%	16	2%	26	3%
O Grove	16	1,00%	-25	-23%	41	5%	54	6%
TOTAL	989		107		882		881	

Fonte:IGE

1.1.4 Poboación non residente

Moitas das persoas residentes nos concellos son poboación presente, pero non están censados como poboación, isto é o que se coñece como poboación vinculada non residente. Estas persoas poden estar vinculadas ao concello por distintos motivos; traballo, estudos, segunda vivenda, turismo ou atracción comercial.

Destaca o concello de O Grove, no que a terceira parte da poboación é poboación vinculada non residente, atraída, sobre todo, por motivos de turismo, o que reflexa a importancia do sector no municipio.

En segundo lugar, Meaño ou Ribadumia co 15% da súa poboación non residente. No caso de Meaño, a maioría das persoas que non son residentes viven alí

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

por un tempo por turismo. E no concello de Ribadumia soen establecerse por traballo, estudos ou segunda vivenda.


Nos datos agregados, podemos observar que da poboación non residente total, case 2/3 están por causa do traballo, estudos ou segunda vivenda e o terzo restante por mor do turismo.

TÁBOA 6: DATOS DE POBOACIÓN VINCULADA (2006)

	Poboación	Por traballo, estudios ou segunda vivenda	Por turismo	Total	Poboación presente	% pob. vinculada ref. presente
Boiro	18.554	1.316	162	1.477	20.033	7%
A Pobra do Caramiñal	10.001	820	137	957	10.958	9%
Rianxo	11.246	725	177	903	12.149	7%
Riveira	27.053	2.172	962	3.134	30.187	10%
Cambados	13.562	1.202	689	1.892	15.454	12%
Catoira	3.482	382	22	404	3.886	10%
O Grove	11.225	1.908	3.598	5.507	16.732	33%
A Illa de Arousa	4.849	192	58	250	5.099	5%
Meaño	5.494	362	618	980	6.474	15%
Ribadumia	4.529	528	287	816	5.345	15%
Vilagarcía de Arousa	36.519	3.502	850	4.353	40.872	11%
Vilanova de Arousa	10.592	1.019	441	1.460	12.052	12%
TOTAL	157.106	14.128	8001	22.133	179.241	

Fonte: Anuario Socioeconómico de Galicia. Caixanova. 2007

GRÁFICO 2 : POBOACIÓN VINCULADA NON RESIDENTE



Fonte: Anuario Socioeconómico de Galicia. Caixanova. 2007


1.1.5. Nivel de estudos

En canto ao nivel de estudos da zona os datos máis relevantes son que un 2% da poboación non sabe ler nin escribir deste colectivo, tres de cada catro persoas son mulleres.

Ademais, case un 30% dos estudantes non rematou os estudos elementais (bacharelato elemental, ESO ou EXB), case a mesma porcentaxe de persoas que si os rematou.

A porcentaxe de persoas do conxunto dos concellos coa formación profesional de grado medio e superior é escasa (3 e 5% respectivamente). Nas titulacións superiores, máis ou menos repítense estas porcentaxes; 4% no caso dos diplomados/as e 3% no dos licenciados/as.

GRÁFICO 3: NIVEL DE ESTUDIOS (2001)



Fonte IGE

TÁBOA 7 : NIVEL DE ESTUDOS DOS CONCELLOS EN CIFRAS GLOBAIS

	Sen estudos	Primarios	Secundarios	Formación prof.	Universitarios
Vilagarcía de Arousa	439	8.521	13.568	2277	3291
Catoira	60	1.356	1.100	261	203
Riveira	382	9.195	8.299	2335	1516
Boiro	460	7.085	5.740	911	825
Rianxo	247	5.632	2.747	822	558
A Pobra do					
Caramiñal	88	3.591	3.061	909	765
Vilanova de Arousa	232	4.090	3.408	555	488
A Illa de Arousa	122	2.287	1.360	138	167
Cambados	214	5.417	4.222	606	641
Ribadumia	94	1.772	1.260	196	217
Meaño	105	2.596	1.444	285	169
O Grove	173	3.113	3.175	645	642
TOTAL	2.616	54.655	49.384	9940	9482
	2%	43%	39%	8%	8%

Fonte: IGE

Analizando estes datos máis detalladamente, observamos (fonte IGE) que:

Os concellos de Boiro, Vilanova, a Illa e Ribadumia teñen un nivel de analfabetización do 3% da súa poboación e ademais, a maioría das persoas analfabetas soen ser mulleres, como mínimo o dobre que os homes, como xa víamos na táboa anterior. Estes datos están algo por riba da media galega de analfabetización que é do 2,1%.

En canto á escolarización por menos de cinco anos son Ribadumia, A Illa, Vilanova e Rianxo os concellos que están na peor situación, coincidindo cos anteriores, excepto Rianxo.

Nas cifras de estudos elementais, o único concello por debaixo da media galega é o de Meaño. En todos coincide que a porcentaxe de homes con estudos elementais (bacharelato elemental) é maior á das mulleres.

En cambio, no caso do bacharelato superior, non chegan ao 10% da poboación en case ningún concello, aquí as cifras entre homes e mulleres son case iguais. Destacan Meaño e Rianxo onde só o 6% da poboación rematou o bacharelato superior, e a media galega é do 11,3%, só superada polo concello de Vilagarcía (12%).

As porcentaxes de formación profesional de grao medio sobrepasan lixeiramente a media de Galicia (3,3%) en catro dos doce concellos analizados: A Pobra, Rianxo, Riveira e Catoira. Na formación profesional de grao superior as cifras de alumnado son algo máis elevadas, pero tamén todas preto da media galega, sobresaen Riveira e A Pobra.

Nas diplomaturas, en case todos os concellos o número de diplomados/as é máis reducido que no resto de Galicia, excepto o de Vilagarcía. Nas licenciaturas e doutoramentos pasa o mesmo; nas licenciaturas só Vilagarcía é capaz de superar a media galega e igualar a porcentaxe de doutoramentos.

A distribución entre homes e mulleres nas licenciaturas e diplomaturas é máis equitativa, non pasa o mesmo coa formación profesional, onde soen ser os homes o grupo máis numeroso.

1.2. MERCADO DE TRABALLO

1.2.1 Poboación activa

Entre os indicadores do mercado do traballo, a poboación economicamente activa (PEA) refírese ás persoas que están empregadas ou se atopan sen traballar e buscan activamente emprego, é dicir, o conxunto de ocupados e desempregados do territorio.

Segundo os datos do último Censo Municipal de Vivendas realizado no 2001, os municipios que amosan unha maior taxa de actividade son O Grove (62,7%), A Illa (61,2%) e Cambados (61,1%). Tódolos concellos, agás A Pobra e Riveira, superan a media galega que era do 50,7%.

No caso da taxa de actividade de homes e mulleres, se se comparan con datos autonómicos, case tódolos municipios están moi por enriba da media. Só se atopa por debaixo da media galega no concello de A Pobra, onde a taxa de actividade dos homes é do 61,2%, mentres que en Galicia está no 62,1%. A taxa de actividade das mulleres é inferior á de Galicia (40,3%) en Riveira, na Pobra e en Catoira.

TÁBOA 8: TAXA DE ACTIVIDADE (2001)

	Taxa de actividade		
	Total	Homes	Mulleres
Boiro	57,3	64,8	50,4
A Pobra do Caramiñal	49,8	61,2	39,4
Rianxo	51,2	62,8	40,3
Riveira	49,7	64,6	35,3
Cambados	61,1	71,0	51,8
Catoira	52,4	65,6	40,0
O Grove	62,7	70,0	55,7
A Illa de Arousa	61,2	72,8	50,0
Meaño	55,1	65,8	45,3
Ribadumia	56,0	69,2	43,8
Vilagarcía de Arousa	53,4	65,3	42,6
Vilanova de Arousa	55,5	65,9	45,9
GALICIA	50,7	62,1	40,3

Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001

En canto ós datos totais, o territorio ten unha taxa de actividade similar a da comunidade autónoma. Os índices maiores aparecen no caso de O Grove (62,7%), A Illa de Arousa (61,2%) e Cambados (61,1%). Case todas as cifras están por riba da media de Galicia que é 50,7%, excepto A Pobra do Caramiñal (49,8%) e Riveira (49,7).

En canto ás diferenzas por sexo, a igual que no conxunto de Galicia a inactividade entre as mulleres é máis alta que nos homes. Non obstante, destacan a maioría dos municipios con taxas de actividade feminina que superan o 40,3%, acadando o valor máis alto en O Grove cun 55,7% (tamén no caso dos homes). Resaltar as cifras de Boiro, Cambados e A illa de Arousa que tamén superan en 10 puntos a taxa de actividade das mulleres galegas.

No extremo contrario atopamos o concello de Riveira, cunhas cifras de inactividade feminina por debaixo da media galega onde só 35 de cada 100 mulleres traballan ou están buscando traballo.

1.2.1 Poboación ocupada

A poboación ocupada está formada por aquelas persoas de 16 ou máis anos que traballan por conta allea ou conta propia.

Á súa vez a poboación ocupada clasifícase atendendo ás características da profesión, o que indica as profesións máis habituais e a porcentaxe que representan no conxunto do territorio (nota: Illa de Arousa sen datos).

TÁBOA 9: POBOACION OCUPADA SEGUNDO PROFESION

	GALICIA	RÍA AROUSA
Dirección das Admóns Públicas e das empresas de 10 ou máis asalariados	1,5%	1,2%
Xerencia das empresas de menos de 10 asalariados	8,0%	9,6%
Profesións asociadas a titulacións de 1º, 2º e 3º ciclo universitario e afíns	9,8%	6,8%
Técnicos e profesionais de apoio	5,5%	3,8%
Empregados de tipo administrativo	9,2%	6,5%
Servizos de restauración, persoais, seguridade, comercio e asimilados	13,3%	11,1%
Traballadores cualificados da agricultura e da pesca	12,6%	14,3%
Artesáns e traballadores cualificados industrias manufactureiras, construción e minería	18,7%	21,4%
Operadores de instalacións industriais, de maquinaria, montadores e ensambladores	8,3%	8,9%
Traballadores non cualificados	12,2%	16,2%
Forzas armadas	0,8%	0,3%

Fonte : IGE

Na primeira das profesións analizadas, dirección das Administracións Públicas e das empresas de 10 ou máis asalariados, destaca o concello de Vilagarcía (1,9%), que é o único que supera a media de Galicia (1,5%). En xeral, esta é a profesión que menos abunda nos concellos desta zona. En cambio, na xerencia de empresas con menos de 10 asalariados, as porcentaxes incrementáanse notoriamente, sobre todo nos concellos de; Rianxo (14%), Boiro (13,14%) e Ribadumia (11%), destaca Vilanova (4,7%) por estar moi por debaixo da media (8%).

Nas profesións asociadas a titulacións de 1º, 2º e 3º ciclo universitario, salienta por riba de todos Vilagarcía de Arousa: o 12% da súa poboación conta con esta profesión. Isto é acorde co "Nivel de estudos por concellos 2001" no que o municipio tamén destaca pola súa porcentaxe de diplomados/as e licenciados/as.

As cifras de técnicos profesionais e de apoio son reducidas, excepto no caso de Vilagarcía . O número de administrativos/as faise máis salientable tamén no concello de Vilagarcía. Nestas dúas profesións, é o único concello que supera a media de Galicia. Podemos concluír que estas cifras tan elevadas en postos relacionados coas empresa, se as comparamos co resto dos concellos, son debidas ó número e características das empresas deste municipio.

O Grove é o que ten a porcentaxe máis alta de postos relacionados coa restauración e o comercio. Nos datos de poboación non residente salientábase xa o desenvolvemento da actividade turística en comparación co resto do territorio.


Nas profesións cualificadas relacionadas co sector primario, que inclúe agricultura e pesca, nove dos concellos superan a media galega. Moi por encima desta media esta Vilanova de Arousa cun 34,6%, seguida de Cambados, O Grove e Rianxo (entre o 19% e 18%). No extremo contrario está Vilagarcía de Arousa, con só un 2,3% das persoas ocupadas, indicador do pouco peso destes sectores no municipio. Destaca o caso de Riveira (9,1%) que, a pesar da importancia da pesca, mantense por debaixo do conxunto da comunidade autónoma.

No epígrafe de artesáns, industria manufactureira (incluída a industria conserveira) e construción a media do territorio é case tres puntos superior a Galicia. A meirande parte dos concellos están entre o 20% e 30% da poboación ocupada. Por encima destaca Boiro, cun 31% (industria conserveira); por debaixo só resalta O Grove coherente co peso do sector servizos no municipio.

Na profesión de operadores de instalacións industriais e de maquinaria, non son moi salientables ningunha das cifras, agás en Catoira ou Ribadumia. Na metade dos concellos rodan a media de Galicia.

En canto ós traballadores non cualificados as cifras máis destacables están no concello de Riveira co 33,8% da súa poboación, mentres que a media está nun 12,2%.

GRÁFICO 4: POBOACIÓN OCUPADA SEGUNDO A PROFESIÓN



A	Dirección das Admóns Públicas e das empresas de 10 ou máis asalariados	B	Xerencia das empresas de menos de 10 asalariados
C	Profesións asociadas a titulacións de 1º, 2º e 3º ciclo universitario e afíns	D	Técnicos e profesionais de apoio
E	Empregados de tipo administrativo	F	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, de protección e seguridade, dependentes de comercio e asimilados
G	Traballadores cualificados da agricultura e da pesca	H	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e minería
I	Operadores de instalacións industriais, de maquinaria, montadores e ensambladores	J	Traballadores non cualificados
K	Forzas armadas		

Fonte:IGE

1.2.3 Poboación parada

Outro aspecto socioeconómico importante é o mercado de traballo, e dentro deste o desemprego como indicador relevante da actividade económica, é un dos principais parámetros para establecer a situación económica dunha zona, dun sector...

En canto a datos (Fonte: Anuario Socioeconómico de Galicia. Caixanova. 2007 e IGE), o maior índice de paro aparece: O Grove (7,8%), Vilagarcía (7,7%) e Catoira (7,13%).

Case todos os concellos estudados teñen unha taxa superior á media galega que está nun 6%. Poucos concellos están por debaixo desta porcentaxe, entre eles; Meaño (4,93%), Riveira (5,37%) e A Pobra (5,5%).

Se analizamos o desemprego facendo a división entre homes e mulleres, observamos que existe unha diferenza moi acusada en todos os concellos, pero sobre todo, en Catoira; onde o nivel de paro das mulleres é de algo máis do 10%, e o dos homes, neste mesmo concello, non chega nin ao 4%.

TÁBOA 10: TAXA DE PARO 2007

	Total	Homes	Mulleres
Boiro	5,77%	4,15%	7,28%
A Pobra do Caramiñal	5,50%	4,35%	6,55%
Rianxo	6,77%	4,82%	8,58%
Riveira	5,37%	4,01%	6,69%
Cambados	6,87%	4,86%	8,74%
Catoira	7,13%	3,81%	10,32%
O Grove	7,80%	5,13%	10,36%
A Illa de Arousa	6,21%	3,08%	9,28%
Meaño	4,93%	3,69%	6,06%
Ribadumia	5,8%	4,24%	7,18%
Vilagarcía de Arousa	7,70%	5,44%	9,77%
Vilanova de Arousa	6,97%	4,93%	8,86%
GALICIA	6,00%	4,50%	7,40%

Fonte: Anuario Socioeconómico de Galicia. Caixanova. 2007

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

En referencia ó desemprego en función da idades e sexo (datos 2007), o territorio presenta unhas cifras de paro xuvenil (menor de 25 anos) por debaixo da media galega (12% fronte a 19% dos desempregados). Por concellos, o colectivo de menores de 25 anos acada a cifra máis alta no concello de Illa de Arousa co 16,67%, seguido de Cambados e Catoira (preto do 13%).


Dentro do desemprego xuvenil, e analizado en función do sexo, no caso dos mozos é preto de cinco puntos superior fronte ás mulleres, coherentes estes resultados coas cifras a nivel autonómico. O análise por municipio, evidencia que incrementáanse estas diferenzas no casos de O Grove, Catoira e Vilagarcía.

En canto aos maiores de 25 anos, que representan a meirande parte dos desempregados, todos os concellos teñen maior incidencia do desemprego neste grupo de poboación con cifras por encima dos valores da comunidade autónoma.

En referencia ás diferenzas por xénero de maiores de 25 anos, o desemprego nas mulleres é superior ao dos homes. A maior diferenza volve a darse no caso do municipio de O Grove, as menores diferenzas aparecen no concello de A Pobra do Caramiñal, posiblemente asociado á industria conserveira local.


GRÁFICO 5: PARO POR IDADES E SEXO (2007)

Menores de 25 anos sobre total de desempregados



Fonte: Consellería de Traballo

Maiores de 25 anos sobre total desempregados



Fonte: Consellería de Traballo

Se facemos unha análise máis detallada do paro por sectores de actividade:

A maioría das persoas desempregadas buscan emprego no sector servizos, sobre todo nos concellos de O Grove, Vilagarcía de Arousa, Vilanova e Meaño.

O segundo sector en importancia é a industria, con comportamentos diferentes entre os concellos. Os resultados máis elevados atopámoslos en Boiro (34%), Rianxo (31%) e Ribadumia (31%). E as menores cifras en Vilagarcía (14%) e Riveira (16%).

No terceiro posto está a construción, tamén con porcentaxes bastante desiguais: 15% dos desempregados/as en Rianxo e Catoira, 14% en Meaño. No outro extremo, atopamos concellos como Riveira (6%), a Pobra, o Grove e A Illa cun 7%.

O sector primario que inclúe pesca e agricultura varía na maioría dos municipios entre o 2% e 7%. Unha excepción a estes resultados é o concello de Riveira, onde 14 de cada 100 persoas que buscan emprego faino no sector primario, e moi probablemente na pesca.

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

En canto ás persoas que non tiveron emprego con anterioridade, o caso de Vilagarcía de Arousa é o máis significativo cun 19% dos parados/as deste concello sen experiencia profesional previa. Ségueno Meaño, Catoira e Riveira (15% os dous). A cifra máis baixa aparece no Grove.

**TÁBOA 11: PARO EN TERMOS ABSOLUTOS E RELATIVOS POR SECTORES DE ACTIVIDADE
ANO 2007**

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego ant.	TOTAL
	Pesca					
Boiro	38 4%	325 34%	97 10%	382 40%	109 11%	951
A Pobra do Caramiñal	24 5%	121 26%	32 7%	243 51%	54 11%	474
Rianxo	24 3%	215 31%	103 15%	279 40%	70 10%	691
Riveira	180 14%	205 16%	74 6%	596 48%	189 15%	1244
Cambados	55 7%	152 20%	90 12%	379 49%	98 13%	774
Catoira	1 0%	52 23%	33 15%	105 47%	34 15%	225
O Grove	19 2%	179 23%	52 7%	477 62%	44 6%	771
A Illa de Arousa	12 5%	54 21%	17 7%	129 51%	40 16%	252
Meaño	6 2%	57 23%	34 14%	132 54%	16 7%	245
Ribadumia	6 3%	74 31%	26 11%	108 45%	25 10%	239
Vilagarcia de Arousa	44 2%	336 14%	202 8%	1.406 57%	481 19%	2469
Vilanova de Arousa	13 2%	111 17%	80 13%	348 54%	87 14%	639

Fonte:IGE


1.3. ACTIVIDADE ECONÓMICA

1.3.1 Taxa de actividade

Cando falamos de actividade económica, un indicador importante desta é a taxa de actividade, que indica a porcentaxe de poboación activa (ocupados e non ocupados) sobre o total da poboación.

En canto ós datos totais o territorio ten unha taxa de actividade similar a da comunidade autónoma. Os índices maiores aparecen no caso de O Grove (62,7%), A Illa de Arousa (61,2%) e Cambados (61,1%). Case todas as cifras están por riba da media de Galicia que é 50,7%, excepto A Pobra do Caramiñal (49,8%) e Riveira (49,7).

GRÁFICO 6: TAXA DE ACTIVIDADE



Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001

TÁBOA 12: TAXA DE ACTIVIDADE


	Taxa de actividade		
	Total	Homes	Mulleres
Boiro	57,3	64,8	50,4
A Pobra do Caramiñal	49,8	61,2	39,4
Rianxo	51,2	62,8	40,3
Riveira	49,7	64,6	35,3
Cambados	61,1	71,0	51,8
Catoira	52,4	65,6	40,0
O Grove	62,7	70,0	55,7
A Illa de Arousa	61,2	72,8	50,0
Meaño	55,1	65,8	45,3
Ribadumia	56,0	69,2	43,8
Vilagarcía de Arousa	53,4	65,3	42,6
Vilanova de Arousa	55,5	65,9	45,9
GALICIA	50,7	62,1	40,3

Fonte: IGE

En canto ás diferenzas por sexo, a igual que no conxunto de Galicia a inactividade entre as mulleres é máis alta que nos homes. Non obstante, destacan a maioría dos municipios con taxas de actividade feminina que superan o 40,3%, acadando o valor máis alto en O Grove cun 55,7% (tamén no caso dos homes). Resaltar as cifras de Boiro, Cambados e A illa de Arousa que tamén superan en 10 puntos a taxa de actividade das mulleres galegas.

No extremo contrario atopamos o concello de Riveira, cunhas cifras de inactividade feminina por debaixo da media galega onde só 35 de cada 100 mulleres traballan ou están buscando traballo.

GRÁFICO 7 : TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO



Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001. Elaboración propia a partir dos ficheiros de IGE

1.3.2 Taxa de ocupación

A taxa de ocupación indica a porcentaxe de persoas que teñen emprego remunerado, tanto por conta propia como allea, fronte o total da poboación activa.


En conxunto, a ocupación laboral da zona é superior á de Galicia. Destacan as cifras que acadan os concellos de A Illa de Arousa (56,5%), Cambados (53,2%) e O Grove (52,3%). Case todos os concellos están sobre a media galega (44,3%), os únicos concellos por debaixo son A Pobra do Caramiñal (43,1%), coma antes, e Rianxo (43,1%).

Os datos referidos a porcentaxes de homes e mulleres deixan ver que a diferenza de ocupación en postos de traballo por sexo é importante, observando a media galega (55,9%; homes e 33,8%; mulleres) o desfase é de algo máis dun 15%.

Analizando por concellos, as maiores disparidades en función do sexo danse nos concellos de Catoira, Riveira, Ribadumia e A Illa de Arousa (este concello a pesar da elevada taxa das mulleres). Acadan un escenario máis equilibrado os concellos de Boiro e O Grove.

Riveira e Catoria son os dous concellos con menor taxa de ocupación das mulleres.

GRÁFICO 8 : TAXA DE OCUPACIÓN




Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

1.3.3 Taxa de paro

Por último, falar da taxa de paro que xa foi nomeada en páxinas anteriores. Todos os concellos teñen índices de paro superiores á media galega, a excepción de Riveira e A Illa de Arousa. Cabe facer énfases neste último concello que presenta a menor taxa de paro dos concellos da zona 7,7%. A cifra máis alta é compartida entre os concellos de Vilagarcía e Rianxo.

Tendo en conta o xénero, as diferenzas existentes en canto ao desemprego son salientables en todos os municipios. No caso de Illa de Arousa a taxa de paro masculina é dun 4,5%, porcentaxe considerada xa como pleno emprego (considérase pleno emprego po debaixo do 5%), en cambio, no caso das mulleres a taxa é do 12,1%, triplicando practicamente a dos homes; aínda así, está 7,6 puntos por debaixo da media galega

GRÁFICO 9: TAXA DE PARO



Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

TÁBOA 13: TAXA DE OCUPACIÓN E TAXA DE PARO (ANO 2001)

	Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Boiro	49,6	57,9	42,1	13,3	10,7	16,5
A Pobra do Caramiñal	43,1	55	32,4	13,4	10,2	17,8
Rianxo	43,1	55	31,9	15,9	12,4	21
Riveira	44,7	60	30,2	9,9	7,2	14,7
Cambados	53,2	64,1	43,1	12,9	9,8	16,8
Catoira	44,4	58,3	31,3	15,3	11,1	21,9
O Grove	52,3	60,9	44	16,7	13	21,1
A Illa de Arousa	56,5	69,5	43,9	7,7	4,5	12,1
Meaño	46,4	58,5	35,5	15,7	11,1	21,8
Ribadumia	47,8	61,4	35,2	14,7	11,2	19,7
Vilagarcía de Arousa	44,9	57,4	33,5	15,9	12,1	21,3
Vilanova de Arousa	47,7	59,1	37,3	14	10,4	18,7
GALICIA	44,3	55,9	33,8	12,5	9,9	16,1

Fonte : INE. Censos de poboación e vivendas 2001

1.3.4 Ocupados por sectores

Segundo os datos procedentes do IGE, o sector principal destes concellos, con diferenza, é o sector servizos ou terciario (45% do total de ocupados dos concellos), seguido do sector secundario (35%); onde encadraríamos á construción e á industria e, por último, o primario (20% restante) formado pola pesca e a agricultura.

No sector servizos a diferenza entre a proporción total de homes e mulleres é escasa (24% homes e 21% mulleres). Este sector destaca en concellos como Vilagarcía de Arousa; onde supón o 61% dos ocupados, O Grove (50%) e A Pobra (49%).

O sector máis importante despois dos servizos é a industria, cun 22% de taxa de ocupación do total dos sectores, aínda que hai moita diversidade entre uns e outros concellos.

En Catoira, esta porcentaxe incrementase ata o 39% e na Illa só o 10% da poboación está ocupada neste sector. Aquí non existe diferenza entre homes e mulleres nas cifras totais, pero si no análise desglosado por concello. Boiro con case un 30% de taxa de ocupación na industria, o 68% son mulleres ou Meaño cunha porcentaxe do 24% dos que o 67% son homes. Estas diferenzas son debidas ó tipo de industria e á presenza de conserveiras no entorno que ocupan maioritariamente operarias (caso de Boiro, O Grove, Illa...)

No terceiro posto aparece a pesca, cunha taxa de ocupación do 17% do total, neste sector o desfase entre a proporción de homes e mulleres é evidente, deste 17% o 72% son homes e o resto mulleres. A pesca non se da na mesma importancia en todos os concellos; en Ribadumia e Catoira só o 1% da poboación está ocupada neste sector. Pola contra, na Illa ou en Riveira estas porcentaxes son moito maiores, chegando ao 60% da poboación ocupada no caso da Illa de Arousa o que indica a forte dependencia deste concello do mar.

No caso de Riveira, como vimos no gráfico anterior : “ Poboación ocupada segundo a profesión (1996)” a cifra de traballadores non cualificados é a que máis destaca é coincide con que o número de ocupados neste sector é tamén importante; por iso pódese concluír que a maioría das persoas non cualificadas neste concello acaban traballando na pesca.


En canto ás mulleres e á ocupación pesqueira, no concello de Meaño o 60% das persoas que traballan no mar son mulleres.





Logo, co 13% das persoas ocupadas, aparece a construción e, por último, apenas con ocupación, a agricultura (3%).

A construción é o sector onde a diferenza entre homes e mulleres se fai máis evidente; case todos son homes, excepto un escaso 1% que son mulleres. Neste sector atopamos concellos por riba dese 13% de ocupación: como son Meaño (21%), Ribadumia e a Illa (19% os dous).

Na agricultura, os lugares que máis xente ocupada teñen nesta actividade son Meaño (9%) e Vilanova de Arousa (6%).

GRÁFICO 10: OCUPADOS POR SECTORES 2001





Fonte:IGE

1.3.5 Actividade económica

O número total de empresas ubicadas no territorio son 8.180, das que máis da terceira parte se localizan entre os concellos de Vilagarcía (24%) e Riveira (15%). Os municipios con menor número de empresa son os de Catoira, A Illa e Ribadumia.

A meirande parte das empresas son de pequeno tamaño, contando con menos de 50 empresas que superan os 50 traballadores/as.

TÁBOA 14: EMPRESAS POR SECTOR ECONÓMICO (2007)

	Industria		Construción		Servizos	
Vilagarcía de Arousa	172	7%	282	11%	2.153	83%
Catoira	17	10%	29	17%	124	73%
Riveira	122	8%	203	13%	1.278	80%
Boiro	94	9%	194	18%	815	74%
Rianxo	76	11%	113	16%	501	73%
A pobra do caramiñal	60	10%	77	13%	477	78%
Vilanova de Arousa	69	9%	154	19%	579	72%
A Illa de Arousa	18	8%	31	14%	168	77%
Cambados	129	12%	169	15%	821	73%
Ribadumia	75	21%	65	19%	210	60%
Meaño	95	19%	129	26%	266	54%
O Grove	51	5%	143	15%	788	80%
TOTAL	978		1589		8.180	

Fonte : IGE

TÁBOA 15: EMPRESAS DE MÁIS DE 50 ASALARIADOS POR TIPO DE ACTIVIDADE (2007)

	50-99 ASALARIAD.	100-249 ASALARIAD.	MÁIS DE 250 ASALARIAD.	TOTAL
Vilagarcia de Arousa	4	5	1	10
Riveira	3	2	1	6
Catoira		1		1
Boiro	3	1	1	5
Rianxo	2	1		3
A Pobra do Caramiñal	6	1	2	9
Vilanova de Arousa	2	1		3
A Illa de Arousa				0
Cambados	2			2
Ribadumia	1			1
Meaño	2	1		3
O Grove	3	1		4
TOTAL	28	14	5	47

Fonte :IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Riveira é un dos municipios máis poboados, despois das cidades, da provincia, polo que ten importancia na súa economía os servizos administrativos. Economicamente, Riveira depende fortemente do mar, constituíndo un porto de baixura relevante no só en España, senón tamén en Europa. Polo tanto, toda a actividade económica derivada da explotación do mar (pesca, cultivo de mexillón, marisqueo, etc.) e os subsectores asociados (actividades portuarias, distribuidores, industria conserveira, transporte, servizos, subministros, etc). Resaltar, pola súa

dependencia, a construción e reparación de flota, e as actividades de mantemento e reparación de redes de pesca.

Nos últimos anos, a actividade turística incrementouse considerablemente.

A Pobra do Caramiñal, a principal actividade económica dos pobreses son as relacionadas co mar e coa industria do peixe, precisamente no litoral concéntrase a maior parte da poboación. As restantes actividades por orde de importancia son os sectores da construción, o comercio, os servizos e a hostalería.

A economía do municipio de Boiro depende en maior ou menor medida dos recursos que ofrece o litoral. Dentro deste sector cómpre salientar o cultivo do mexillón en bateas, actividade que dá lugar a unha dinámica industria derivada.

Rianxo, tamén ten a súa principal fonte de riqueza no mar. Rianxo é base de embarcacións auxiliares de acuicultura, e o marisqueo de moluscos, bivalvos (principalmente ameixa e berberecho) que, maioritariamente, son levados á industria conserveira que se asentan na area próxima, o una mesma localidade. Rianxo conta con pequenos estaleiros de carpintería de Riveira dedicados á reparación e construción da flota de baixura.

Por último, o incremento do sector turístico, aínda que todavía cun interesante potencial de desenvolvemento.

A actividade económica do concello de Catoria radica na relevancia do seu sector industrial (ocupación do 43% da poboación activa), principalmente polas empresas de fabricación de materiais para construción e materiais non metálicos, seguido polo sector da madeira e outras como conserveiras, etc.

Os outros dous sectores son servizos e a construción, moi influenciados polo emprazamento do municipio e a área de influencia na que está . O sector primario ten pouca relevancia (no caso da pesca case inexistente) e cunha tendencia á regresión nos últimos anos.

Vilagarcía de Arousa é o concello de maior tamaño do territorio e urbe da zona de Arousa Sur. A actividade económica de Vilagarcía é a máis diversificada da zona, cun forte desenvolvemento do sector terciario. Destaca o porto comercial.

A economía de Vilanova de Arousa ten a súa base principalmente no sector primario, tanto recursos mariños como a agricultura (principalmente viñado), seguida dun sector terciario ligado basicamente ao turismo. Vilanova foi destino turístico principalmente polas praias, aínda que nos últimos anos a promoción turística tende a revalorizar o patrimonio natural costeiro e interior, e os valores histórico - culturais

A explotación dos recursos mariños son parte moi importante da economía local, sinalando a pesca artesanal o marisqueo e o sector mexilloeiro.

Cambados foi e é, unha poboación eminentemente mariñeira. A pesca de baixura, o marisqueo, as bateas, as depuradoras, a industria conserveira configuran unha boa parte do engraxe da economía local.

Tamén resaltar a agricultura, especialmente a produción vitivinícola (Albariño) e recentemente o desenvolvemento da hortifloricultura como actividades económicas de importancia no concello. Ligado a este sistema, xurde o desenvolvemento do sector terciario, principalmente polas empresas de hostalería e restauración, que teñen como pilar a rica base de alimentos e a gastronomía local.

A Illa de Arousa é o concello con máis dependencia directa da pesca de todo o territorio, chegando a cifra de persoas ocupadas na actividade extractiva, a máis do 60% da poboación. Esta alta dependencia fai da Illa de Arousa o municipio máis vulnerable aos problemas do sector pesqueiro. O sector servizos, o segundo en ocupación está infradesenvolvido dadas as posibilidades que ofrece o concello en materia de turismo e ocio.

Os sectores económicos máis importantes de Ribadumia son a produción agraria, destacando o sector do viño – viño tinto e albariño-, a produción hortícola e o sector industrial.

No sector industrial, que ten un importante peso e está experimentando un desenvolvemento considerable nos últimos anos, destaca a presenza de empresas dedicadas á fabricación de materiais para a construción e a industria conserveira.

Meaño, a construción da ocupación a un alto porcentaxe da poboación existindo pequenas empresas que traballan en gran medida nos municipios limítrofes. Ligada a esta, o comercio de materiais de construción. A agricultura e a gandería aínda seguen tendo un peso importante, a primeira cunha importante transformación do sector vitivinícola coa aparición de importantes empresas de produción da denominación de orixe as Rías Baixas.

O Grove é o referente turístico do territorio, polo que o sector servizos predomina na xeración de emprego. A pesar deste desenvolvemento turístico, a pesca segue a ter grande relevancia na economía local cun 12% da poboación ocupada no mar.

1.3.5 A actividade pesqueira

A Ría de Arousa tanto na cara norte como na sur está ligada ao mar dende sempre. O número total de buques na ría e de 1.880, cifra á que hai que engadir as embarcacións auxiliares e de acuicultura.

Os barcos de Arousa representan o 38% das flota pesqueira da comunidade autónoma galega, é no caso de embarcacións auxiliares ou de acuicultura preto do 70% das embarcacións.

A maior parte desta flota é de baixura operando no caladeiro nacional.

TÁBOA 16: BUQUES PESQUEIROS (2008)

Registro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia - Datos a 03/10/2008

DESCRIPCIÓN		Nº BARCOS	% CCAA	TRB	% CCAA	GT	% CCAA	POTENCIA CV	POTENCIA KW
PESQUERIA INTERNACIONAL (Gran Altura)	ARRASTRE CONGELADOS	3	16%	3.321,39	25%	4.720,00	22%	7.553,50	5.554,84
	CERCO	2	67%	3.983,10	72%	5.920,00	74%	10.584,00	7.783,47
	PALANGRE SUPERFICIE	7	8%	1.243,87	8%	2.494,70	9%	3.844,00	2.826,88
PESQUERIA COMUNITARIA (Altura)	PALANGRE FONDO	6	11%	1.108,08	12%	1.939,00	13%	4.154,00	3.054,85
CALADERO NACIONAL (Cant/Noroeste)	ARRASTRE	43	42%	6.142,69	43%	9.253,64	42%	20.363,12	14.975,04
	ARTES MENORES	1775	41%	3.243,37	30%	2.531,41	27%	30.772,02	22.629,74
	CERCO	42	25%	1.206,65	25%	1.780,79	29%	8.801,22	6.472,42
	PALANGRE FONDO	2	8%	46,02	5%	50,73	4%	292,00	214,74
Totales		1880		20.295,17		28.690,27		86.363,86	63.511,98
BUQUES DEDICADOS A ACUICULTURA/AUXILIARES		795	681,82						

Fonte: Registro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia

Das lonxas da ría, Riveira é a máis destacada tanto pola cantidade de descargas como polos ingresos, polos resultados do anuario da pesca de 2007, ocupa o segundo lugar na comunidade autónoma trala lonxa de Vigo (armadores).

Preto do 97% da actividade das lonxas basease na comercialización de peixe e bivalvos, e desta cifra dúas terceiras partes corresponden aos peixes. Este reparto non ten equivalencia en canto a ingresos xerados, dado os altos prezos dos bivalvos que fan que ingresos por estas vendas superen aos xerados polo peixe.

En canto a descargas e vendas, o volume total de descargas de peixe fresco, foi de case 32 millóns de quilos, cun importe de vendas de 66 millóns de euros (2,10€/kg media). Estes valores teñen grandes variacións en función da especie:

TÁBOA 17: VENDA EN LONXAS (2006)

	Kg	% kg	Importe €	% €	€/kg
Bivalvos	3.352.809	10,56%	29.518.368	44,29%	8,80
Cefalópodo	684.021	2,15%	3.218.787	4,83%	4,71
Crustáceos	234.113	0,74%	5.697.619	8,55%	24,34
Equinodermos	219.083	0,69%	435.369	0,65%	1,99
Gasterópodos	1.222		2.340		1,91
Invertebrados	146		1.463		10,00
Peixes	27.251.813	85,85%	27.771.327	41,67%	1,02
Resto das descargas	1.200		7.595	0,01%	6,33

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

En referencia á produción acuícola de mexillón, Arousa está á cabeza na comunidade autónoma, con máis de 220 millóns de kg, que representaron no ano 2006 a cantidade de 97 millóns de euros (0,44 €/kg). Na ría, a produción de mexillón concéntrase entre A Pobra do Caramiñal co 27%, Cambados (17%), Vilagarcía (16%), O Grove (9%) e Riveira (4%). Os prezos unitarios do ano 2006, oscilaron no interior da ría entre 0,35 e 0,56 (21 cms).

1.3.6 Renda familiar dispoñible e outros índices

Outra información importante na análise da poboación é a renda dispoñible; a renda da que dispoñen as familias para gastar ou aforrar.

Todas as familias destes concellos sobrepasan os 10.000 €/ hab. de renda dispoñible. Só Vilagarcía de Arousa sobrepasa os 11.000 €/hab., aínda así todos están por debaixo da media galega que está en 11.833 €/hab.

Os de maior renda dispoñible, a parte de Vilagarcía que ten a maior desta zona, son O Grove (10.887 €/hab.), Ribadumia (10.599 €/hab.) e Cambados (10.502 €/hab.), os tres por riba dos 10.500 €/hab.

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

Tamén é interesante observar o valor engadido bruto xerado polas unidades produtoras residentes (VAB). Aquí a media galega está en 16.725 €/hab., só superada con creces polo concello do Grove (20.954 €/hab.) e, non tanto, por Vilagarcía (16.991 €/hab.), o resto están por debaixo desta media. O concello con menor VAB é o concello de A Illa (9.201 €/hab.).

Como podemos observar estes dous índices están moi relacionados, os concellos de maior renda dispoñible; Vilagarcía e O Grove, son tamén os que maior VAB por habitante teñen.

En canto ao índice de produtividade sobresaen coa menor produtividade da zona o concello de A Illa (44 en relación á base 100 de Galicia) moi por debaixo do resto do territorio. O resto dos concellos está por debaixo da media galega, excepto Meaño (107) e Vilagarcía de Arousa (104).

TÁBOA 18: RENDA FAMILIAR DISPOÑIBLE, VEB E ÍNDICE DE PRODUTIVIDADE

	Renda Familiar Dispoñible por habitante (€/hab.) (2005)	VEB por habitante (€/hab.) (2005)	Índice de produtividade (Base:Galicia=100) (2001)
Boiro	10.025	13.564	82
A Pobra do Caramiñal	10.327	13.830	91
Rianxo	10.230	10.981	90
Riveira	10.319	13.478	85
Cambados	10.502	14.961	79
Catoira	10.479	11.950	81
O Grove	10.887	20.954	91
A Illa de Arousa	10.309	9.201	44
Meaño	10.009	13.897	107
Ribadumia	10.599	16.646	97
Vilagarcía de Arousa	11.177	16.991	104
Vilanova de Arousa	10.435	11.979	84
GALICIA	11.833	16.725	100

Fonte: Anuario Socioeconómico de Galicia. Caixanova.2007

1.4. INFRAESTRUTURAS

1.4.1 Infraestrutura terrestre

O feito de que unha zona estea acondicionada coas infraestruturas de transporte oportunas é un factor imprescindible para o seu desenvolvemento económico, pero tamén son importantes os recursos da zona, o mercado, o marco social, os custos empresariais, o papel do Estado...É dicir, son un factor necesario, pero non suficiente para o desenvolvemento sostido.

Nos últimos dez anos inverteuse a deficitaria situación da rede viaria de Galicia multiplicándose por catro os quilómetros de autovías e autopistas (de 119 a 600 km). Estas actuacións son de vital importancia para la mobilidade e a competitividade económica de Galicia, dada a súa situación xeográfica.

A pesar de ser tan importante as infraestruturas por elas mesmas non lle proporcionan valor á comarca, proporcionanlle accesibilidade. Son os fluxos de persoas e recursos os que lle dan ese valor positivo ou negativo ás redes de comunicación. No caso de que estas redes de comunicación que unen os concellos sexan demasiado longas pode facer que aparezan graves fallos nas comunicacións, diminuíndo os potenciais de progreso que teña a zona, ademais de repercutir negativamente en aspectos sociais da poboación afectada dentro da sociedade na que se integra, quedando discriminada e apartada dos novos avances.

Na maioría destes concellos non contan con rede de gas, tampouco existe ferrocarril, non hai nin autovías nin autoestradas e o transporte de persoas e mercancías realízase ou por estrada ou polos portos existentes.

As rutas principais son as estradas comarcais C-543, polo norte e a C-550 polo sur. Tamén polo sur, atópase a vía de alta capacidade VRG 4.1 (Padrón – Riveira) e a VRG 4.2 (Cambados – Vilagarcía de Arousa). A C-543 parte de Santiago de Compostela atravesa Bertamiráns e penétrase logo por Noia, continuando por Portosín, Porto do Son e morrendo en Riveira, onde enlaza coa C-550. Esta á súa vez

parte de Padrón, continúa por Tallós ata Bexo, onde podemos optar por seguila ou tomar a vía Rápida, calquera das dúas permítenos desprazarnos ata Taragoña, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Palmeira ou Santa Uxía de Riveira. A vía rápida VRG4.1 é a principal vía de comunicación unindo a comarca do Barbanza con Padrón e polo tanto coa Autoestrada do Atlántico, principal arteria de comunicación en Galicia.

A Coruña tiña en 2006, 4.251 km de rede de estradas e Pontevedra 3.522 km. No caso de A Coruña, destes 4.251km; 513 km son dependencia do Estado, 1.618 km das Comunidades Autónomas e os 2.120 km restantes das Deputacións. Dos 3.522 km de Pontevedra; 566 km son dependencias do Estado, 1.270 km das Comunidades Autónomas e 1.686 km das Deputacións.

Os programas de actuacións da Consellería de Política Territorial e Obras Públicas previstos no PLAN DIRECTOR DE ESTRADAS DE GALICIA, prevé os Programa de Actuacións na rede de estradas (Xunta de Galicia) e incorpora as seguintes intervencións na zona:

- Rede de altas prestacións: autovía alternativa á PO-531 Pontevedra - Vilagarcía.
- Rede complementaria: Acceso o Porto de Riveira e acceso o Porto de A Pobra, nova estrada Ponte Illa de Arousa
- Ramal Sur de circunvalación de Cambados

1.4.2 Transporte marítimo

O sistema portuario é moi importante no desenvolvemento urbano e no equilibrio territorial de Galicia. Pódense apreciar na economía galega, como dúas subrexións:

- a costeira, integrada na economía española e cun elevado grado de desenvolvemento apoiado, principalmente, nos portos;
- e a interior, baseada no sector agrario

En Galicia existen un total de 127 portos e instalacións portuarias. Destes os máis importantes polo seu volume de tráfico son: Ferrol-San Cibrao, Vigo, Marín-Pontevedra, Vilagarcía, e A Coruña. Son xestionados por Portos do Estado, dependente do Ministerio de Fomento. Estes portos teñen unha especial importancia, xa que neles lévanse a cabo numerosas actividades produtivas e administrativas que inflúen no desenvolvemento das zonas onde se localizan e na estrutura socioeconómica.

No porto de Vilagarcía espérase este ano coa entrada en funcionamento da nova terminal de Ferrazo, que marcará un antes e un despois nos tráfico portuarios; facilitando a posta en marcha dun servizo regular de contedores, alternativa de futuro para o transporte marítimo. Ademais, acábase de acordar a creación dun novo porto deportivo nas dársenas 2 e 3, aproveitando así a demanda no sector da náutica deportiva, en constante crecemento en Galicia nos últimos anos. O Porto busca así novos nichos de mercado, agora que os produtos habituais en Vilagarcía (cereais, hidrocarburos...) experimentan un retroceso pola situación económica a nivel internacional.

Na actualidade, o porto de Vilagarcía está unido á Autoestrada do Atlántico mediante a estrada nacional 640 (de Chapa a Carril de 7 km de lonxitude), comunicando así coas comarcas máis activas de Galicia: A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo. A través da Autoestrada do Atlántico, o porto está conectado con toda España e Portugal polas súas mellores estradas.

As conexións viarias do Porto están sendo melloradas grazas á construción dun enlace directo coa Autoestrada do Atlántico, que terá as características das vías de alta capacidade. Dende esta estrada, que executa o Ministerio de Fomento, poderá accederse á vía de alta capacidade de O Salnés, a través dos ramais que constrúe a Xunta de Galicia. Igualmente, o enlace Porto - Autoestrada conectará en Godos coa Variante Norte de Vilagarcía, que tamén acomete a administración autonómica, completando así o cinto de circunvalación da cidade.

Vilagarcía está unida co resto de España por ferrocarril de vía ancha a través de

Santiago de Compostela coa liña Zamora - A Coruña, e por Pontevedra e Redondela coa liña Vigo - Madrid.

A Ría de Arousa ten a honra de ser a máis produtiva do mundo. Pero non só iso, segundo datos da Capitanía Marítima de Vilagarcía, é tamén a que maior número de barcos pesqueiros concentra en toda España. Aínda que nos últimos anos a cifra de embarcacións baixou lixeiramente, pero segue sendo a que maior número de buques de pesca ten rexistrados.

O volume da flota arousán supera incluso á dos portos máis importantes de Galicia; o de Vigo e o da Coruña.

1.4.3 Solo industrial

O solo ten un papel moi importante o mesmo que outros factores de localización industrial, sobre todo na fase de preinvestimento, na toma de decisións.

Entre estes factores destacan: a flexibilidade da oferta do solo, a seguridade, os servizos comúns, a calidade ambiental... A dispoñibilidade de chan industrial por si soa non é unha condición suficiente para a localización de empresas, por tanto deben valorarse outras variables; recursos humanos, outras infraestruturas, entorno institucional, proximidade de provedores e clientes, etc. Pero si que é unha condición necesaria, por iso nos últimos anos pasou a ocupar un papel moi relevante nas prioridades dos responsables de promoción económica de concellos, deputacións e comunidades autónomas.


Cada vez máis, comeza a verse non só como un lugar de produción e almacenaxe, senón como un valor engadido á actividade empresarial. Por exemplo; no caso dos polígonos: a imaxe, o deseño do polígono, a posibilidade de aproveitar transportes, calidade ambiental, seguridade...

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Vivenda e Solo está a desenvolver distintas actuacións en materia de solo empresarial na Ría de Arousa. En agosto deste ano presentáronse os proxectos para o Parque Empresarial de Tremoedo en Vilanova

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

e Vilagarcía de Arousa e o da Barbanza en Riveira e A Pobra do Caramiñal, cunha superficie de 1,4 millóns de m² e 1 millón de m² respectivamente. A posta en funcionamento destes parques permitirá nos próximos anos cubrir moitas das necesidades de solo empresarial na zona. Por outro lado, e cunha menor dimensión estáanse a rematar os trámites para comezar a contruír, a través da sociedade de Suelo Empresarial del Atlántico (SEA) o Parque Empresarial de Rianxo, moi próximo á vía rápida do Barbanza.

SUPERFICIE EMPRESARIAL POR MUNICIPIO (HA). ANO 2006



1.4.4 Infraestruturas turísticas

Dentro das infraestruturas destacan pola súa importancia os aloxamentos turísticos existentes no conxunto do territorio da Ría de Arousa.

En cantidade de hoteis resalta en primeira posición O Grove con 41 hoteis, moito máis lonxe, en segundo lugar viría o concello de Cambados con 13 hoteis.

En canto ó número de prazas aparece O Grove en primeiro lugar, como non podía ser de outra maneira, pero en segundo lugar aparece Vilanova e non Cambados, que, aínda que por pouca diferenza, ocupa o terceiro posto.

As cifras de turismo rural e campamentos non son moi relevantes en canto a número, pero si o son as prazas dos campamentos, sobre todo en Vilagarcía e Riveira, con 2.545 e 1.185 prazas respectivamente.

TÁBOA 19: ALOXAMENTOS TURÍSTICOS 2007

	Hoteis			Turismo rural			Campamentos de turismo		
	Nº	Cuartos	Prazas	Nº	Cuartos	Prazas	Nº	Cuartos	Prazas
Boiro	2	57	111	4	25	50	1	-	165
A Pobra do	2	41	78	3	13	25	1	-	799
Caramiñal									
Rianxo	0	0	0	5	20	41	1	-	150
Riveira	5	101	190	1	3	6	3	-	1185
Cambados	13	350	607	6	44	85	0	-	0
Catoira	1	30	60	2	16	31	0	-	0
O Grove	41	1595	2867	0	0	0	9	-	2545
A Illa de Arousa	1	23	42	0	0	0	2	-	439
Meaño	4	102	165	1	4	8	0	-	0
Ribadumia	2	76	133	1	9	18	0	-	0
Vilagarcía de	5	183	344	1	6	10	1	-	296
Arousa									
Vilanova de	9	347	609	0	0	0	4	-	920
Arousa									

Fonte : Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo. Directorio de empresas e actividades turísticas.
Datos referidos ao 31 de decembro do ano 2007. (-) Non procede

Outro tipo de instalacións con ampla repercusión no sector turístico local son as instalacións náutico deportivas. A Ría de Arousa concentra algunhas das infraestruturas deste tipo máis importantes de Galicia, como por exemplo *Mariña Vilagarcía*, que depende da Autoridade Portuaria de Vilagarcía e conta con 450 puntos de atracada. Tamén destacan A Pobra, Riveira e Vilanova cun número importante de prazas.

Para o ámbito de estudo no que nos atopamos resulta de extraordinario interés analizar a situación do número e condicións dos portos deportivos xa que supoñen unha vía de traballo interesante á hora de plantexar alternativas no sector turístico que permitan unha ligazón coa pesca e as actividades relacionadas, entendida como posibilidade de explotación como produto turístico e de ocio.

TÁBOA 20: PRAZAS DE AMARRE NOS PORTOS DEPORTIVOS DA RÍA DE AROUSA 2007

Portos Deportivos e mixtos	
	Nº Prazas
Boiro	7
A Pobra do	306
Caramiñal	
Rianxo	83
Riveira	271
Cambados	80
Catoira	-
O Grove	75
A Illa de Arousa	-
Meaño	-
Ribadumia	-
Vilagarcía de Arousa	450
Vilanova de Arousa	232

Fonte : Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Plan Director das Instalacións Náutico Deportivas de Galicia. 2008.

A Ría de Arousa é a maior de todas as galegas polo que conforma unha costa protexida, salpicada de instalacións portuarias, este motivo fixo que no Plan Director

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

das Instalacións Náutico Deportivas de Galicia 2008 se plantexen moitas e importantes actuacións

Así, na marxe Sur da Ría de Arousa, propónse a creación de dous novos polos de atracción: Cambados e O Grove, poboacións turísticas que poden ver complementados os seus servizos con estas novas instalacións deportivas. Ademais, propónse a utilización de dársenas en desuso para a construción dun gran porto deportivo en Vilagarcía de Arousa, un novo porto deportivo no Xufre e a ampliación das instalacións de atracada da Toxa e do porto deportivo de Vilanova.

Na marxe norte da Ría de Arousa, propuxéronse tamén dous novos focos de atracción: o porto deportivo de Rianxo e o porto deportivo de Boiro – Cabo de Cruz. A eles debemos unir a ampliación do porto deportivo de Riveira, e a reorganización do porto da Pobra e establecemento dunha instalación de atracada en Escarabote, como proxectos máis enfocados ao longo prazo.

Desta forma, potenciarase a figura do porto de Vilagarcía como a maior concentración de amarres da zona con máis de 1000, seguido de Riveira con case 700. O obxectivo é lograr un superávit no número de prazas de amarre. Canto ao desenvolvemento destas actuacións, a previsión é que se executen na súa totalidade entre 2008 e 2015.

1.5. SITUACIÓN AMBIENTAL

1.5.1 Espazos naturais

No territorio que abarca o GAC Ría de Arousa atópanse varios réximes de protección ambiental dos espazos naturais. Así, en función dos bens e dos valores que se han de protexer están as categorías:

- Parque Nacional: Recibiu esta consideración o Parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas, que inclúe as Illas de Sálvora no extremo noroeste da ría (Riveira) e Cortegada no interior (Vilagarcía de Arousa). Un área natural pouco transformada pola explotación ou pola ocupación humana que, debido á beleza das súas paisaxes, á representatividade dos seus ecosistemas ou á singularidade; posúe valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos, polos que a súa conservación merece unha atención preferente.
- Parques Naturais: O Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán en Riveira, como áreas naturais pouco transformadas, nas que destaca como elemento singular a duna móbil, e a fauna e flora asociadas a este rico ecosistema constituído por areas, marismas e lagoas salobres.
- Sitio de interese nacional: O Cumio da Curotiña (Pobra do Caramiñal)
- Humedais protexidos: O Decreto 110/2004, do 27 de Maio, declara como humedal protexido os espazos naturais clasificados polo Convenio de Ramsar, nesta zona o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo (Riveira) e o Complexo Intermareal de Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e lagoa Bodeira.
- Zonas de Especial Protección para as aves (ZEPA): Catalogados polos estados membros da Unión Europea como zonas naturais de especial relevancia para a conservación da fauna avícola ameazada de extinción, de acordo co

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

establecido na directiva comunitaria 79/409/CEE e modificacións seguintes. En Ría de Arousa foron catalogadas as seguintes:

- Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e lagoa Bodeira (Pontevedra).
 - Complexo litoral de Corrubedo, Riveira (A Coruña)
-
- A rede Natura 2000, constituída polas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e polos espazos incluídos na proposta de lugares de importancia comunitaria.

1.5.2 Servizos para as augas residuais

Neste estudio é imprescindible facer unha descrición da situación medioambiental da zona, e, por ser todos concellos costeiros, principalmente do estado da auga; a eliminación de residuos e o tratamento da auga, entre outros.

A continuación, móstrase unha táboa onde aparecen os concellos con e sen servizos de depuración de augas.

Para o concello de A Illa non existen datos dispoñibles no IGE sobre os servizos de depuración de augas, aínda que na actualidade o concello conta cunha rede de saneamento.

Atópanse datos positivos en Ribadumia, onde dos 28 núcleos poboacionais, 25 gozan de rede de saneamento, o que se traduce nunha cobertura do 93% dos fogares. En Vilanova o 77% dos núcleos teñen rede de saneamento, chegando o mesmo ao 93% das vivendas. O mesmo ocorre no concello de Boiro.

TÁBOA 21: NÚCLEOS, VIVENDAS E POBOACIÓN CON E SEN SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (2000)

	Núcleos con servizo	Vivendas con servizo	Poboación con servizo
Boiro	49%	93%	91%
A Pobra do Caramiñal	33%	89%	87%
Rianxo	28%	75%	67%
Riveira	4%	6%	7%
Cambados	63%	75%	80%
Catoira	65%	56%	76%
O Grove	4%	57%	66%
A Illa de Arousa	0%	0%	0%
Meaño	51%	61%	65%
Ribadumia	89%	95%	94%
Vilagarcía de Arousa	59%	94%	93%
Vilanova de Arousa	77%	93%	89%

Fonte : Ministerio de Administraciones Públicas. Encuesta de Infraestructura y Equipamientos Locales.
Os cadros conteñen os datos correspondentes aos núcleos de poboación, excluindo os diseminados

1.5.2 Incendios forestais

Por outra banda, o número de espazos verdes e a cantidade de lumes forestais son temas a ter en conta. Os incendios forestais poden supoñer grandes catástrofes e repercutir moi negativamente na economía, sobre todo no tocante ao desenvolvemento da actividade turística e na propia calidade de vida dos habitantes.

O maior número de incendios no ano 2005 rexistrouse en Riveira, onde se produciron o 25% dos lumes forestais destes 12 concellos. Este é ademais o concello coa maior superficie arborada da zona 251,39 ha, abarca o 47% da zona estudada, pero tamén o que ten unha maior superficie rasa; 136,62 ha.

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

Máis lonxe atopamos xa ao concello de Boiro, co 18% dos lumes dese ano. Este concello ten a segunda maior superficie rasa da zona, 119,45 ha.

TÁBOA 22: LUMES FORESTAIS (ANO 2005)

	Número de lumes forestais	Superficie arborada (Ha)	Superficie rasa (Ha)
Boiro	18%	14%	34%
A Pobra do Caramiñal	10%	8%	12%
Rianxo	11%	14%	8%
Riveira	25%	47%	39%
Cambados	9%	1%	0%
Catoira	4%	8%	3%
O Grove	5%	2%	1%
A Illa de Arousa	1%	0%	0%
Meaño	5%	3%	0%
Ribadumia	1%	0%	1%
Vilagarcía de Arousa	5%	1%	1%
Vilanova de Arousa	6%	2%	0%

Fonte: Consellería de Medio Rural. Incendios forestais

2. ANÁLISE DAFO

2.1 DESCRICIÓN METODOLÓXICA

A metodoloxía tradicional **DAFO** ten como obxectivo a realización da diagnose exhaustiva da problemática analizada, a partir da identificación dos aspectos positivos internos (fortalezas) e externos (oportunidades) e dos aspectos negativos internos (debilidades) e externos (ameazas).

Ademais da distinción en canto á análise interna e externa, débese considerar que as fortalezas e debilidades son actuais (tempo presente) e propias do espazo particular e as ameazas e oportunidades refírense fundamentalmente ao futuro.

Deste modo unha fortaleza é considerada como un aspecto positivo interno ou do presente, mentres que unha oportunidade, é unha circunstancia ou conxunto de circunstancias que poden permitir acadar unha fortaleza se se aproveita de xeito conveniente. No sentido contrario as debilidades son carencias ou estados negativos internos ou presentes, mentres que as ameazas supoñen unha tendencia desfavorable que, no caso de non adoptar as medidas pertinentes, conduciría a un empeoramento da situación.

2.2 DAFO TERRITORIAL

AMEAZAS

- Crise económica.
- Impacto da globalización de mercados na xestión de pesquerías.
- Elevada dependencia enerxética dos sectores produtivos en xeral, e do da pesca extractiva en particular, que ante o incremento no prezo do petróleo ve dilatados os seus custes de explotación, minguando así a súa rendibilidade.
- Diminución das cotas de pesca.
- Introducción no mercado de produtos pesqueiros foráneos.
- Factores externos limitadores da actividade (ex. vedas, perda de caladoiros, etc.) con incidencia nos salarios.
- Escaso atractivo da pesca (dificultades no "relevo xeracional" do sector).
- Aumento da frecuencia e intensidade das mareas vermellas.
- Catástrofes naturais e accidentes industriais.
- Contaminación da ría.
- Incremento da competencia territorial doutros destinos.
- Tendencia ao incremento da competitividade entre os destinos turísticos debido á globalización da oferta, o que se traduce nunha perda de oportunidades.
- Perda de oportunidades fronte a competencia territorial doutros destinos.
- Perda de competitividade xeral do territorio e as súas empresas fronte a territorios máis innovadores.
- Risco de actuacións urbanísticas no litoral que deteriorenen o potencial turístico.

OPORTUNIDADES

- Mellora nas comunicacións: construción da autovía do Barbanza.
- Abandono das zonas interiores de Galicia en favor do litoral.
- Clima agradable, con temperaturas suaves todo o ano.
- Desenvolvemento das enerxías renovables.
- Apoio financeiro institucional ó sector pesqueiro.
- Posibilidades de uso das tecnoloxías da información de cara á mellora da comercialización dos produtos pesqueiros.
- Posibilidade de elaboración de produtos pesqueiros para valorizalos e adecuarse ás novas tendencias de consumo.
- Aproveitamento e valorización de especies pesqueiras accesorias.
- Melloras nos sistemas de trazabilidade e etiquetado dos produtos pesqueiros, como resposta a unha maior exixencia do consumidor.
- Tendencia crecente no consumo de novas gamas de produtos pesqueiros (platos preparados, conxelados, patés, etc).
- Aparición de marcas de calidade de produción pesqueira galega
- Complementariedade entre o potencial turístico e as actividades económicas predominantes (cultura mariñeira).
- Destino de transatlánticos.
- Diversificación de ingresos para a flota costeira mediante actividades de turismo marítimo.
- Incremento do nº de amarres debido ao Plan Director de Portos de Galicia.
- Desenvolver actividades de achegamento ó sector pesqueiro e de interacción co público (visitas lonxa, catas, etc.).
- Desenvolvemento dunha oferta diferencial a través da creación dunha imaxe de marca.
- Prestixio da gastronomía galega e a súa vinculación cos produtos pesqueiros.
- Incremento da concienciación medioambiental entre a poboación.
- Plan Director de Sálvora e Cortegada.
- Presenza no territorio de diferentes Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs 21 e 25) cos que aproveitar sinerxias.

PUNTOS DÉBILES

- Forte dependencia económica do sector do mar.
- Altos custes de operación na actividade pesqueira extractiva, fronte a inestabilidade dos beneficios obtidos, que dependen do éxito na pesca e dos prezos no mercado.
- Elevada sinistralidade laboral no sector extractivo debido á escasa sensibilidade por cuestións relacionadas coa seguridade e o confort laboral a bordo.
- Escasa tradición, experiencia e/ou posibilidades da transformación dos produtos pesqueiros a bordo.
- Escaso poder de control do sector extractivo sobre a comercialización dos produtos pesqueiros.
- Atomización e alta dispersión espacial das lonxas, que xera unha oferta de produtos pesqueiros fragmentada e desigual.
- Alta oscilación e variación de prezos dos produtos pesqueiros entre lonxas.
- Furtivismo e venda informal e non regulada pola lonxa.
- Ausencia dunha estrutura loxística eficiente para a distribución dos produtos pesqueiros.
- Falta de diferenciación dos produtos pesqueiros de cara a alcanzar unha posición competitiva no mercado.
- Non existe un autocontrol na calidade de tódolos produtos pesqueiros postos á venda. Trazabilidade.
- Vulnerabilidade da economía local ante procesos de deslocalización ou reestruturación da pesca e a conserva.
- Estacionalidade do emprego nas actividades pesqueiras e outras relacionadas.
- Existencia de actividades económicas moi dependentes da pesca tradicional (ex. carpintería de Riveira).
- Envellecemento dos activos mariñeiros e baixa formación. Escaseza de relevo xeracional.
- Imaxe profesional do sector pesqueiro danada.
- Insuficiente diversificación económica.
- Atomización empresarial.
- Escasa introdución de NTICs e falta de infraestruturas en telecomunicacións.
- Ausencia de identificación conxunta.

- Falta de conexión e cooperación territorial (desvinculación do eixo Norte e o Sur), intersectorial (entre diferentes actividades económicas) e intrasectorial.
- Escaso aproveitamento das sinerxias pesca-turismo.
- Insuficiente desenvolvemento dos servizos asociados ao sector turístico.
- Escasa profesionalización do sector turístico, constituído, en gran medida, por negocios familiares.
- Falta de establecementos de gran capacidade para albergar a grupos de turistas.
- Escasa oferta hoteleira de calidade. (predominio dos hoteis, hostais e pensións dunha e dúas estrelas).
- Excesiva oferta de aluguer de vivendas sen regular.
- Elevada estacionalidade do emprego e na demanda no sector turístico centrada na época estival, o que xera unha alta precariedade laboral
- Déficit de ciclos formativos relacionados co sector turístico e hostaleiro.
- Escasa adecuación da oferta formativa á demanda do mercado laboral local.
- Deficiente sinalización viaria e falta de mantemento.
- Falta de coñecemento dos recursos da comarca por parte da poboación, tanto da súa existencia como da súa localización.
- Falta de concienciación sobre a conservación do patrimonio natural e cultural .
- Contaminación e vertedoiros incontrolados.
- Falta de protección de espazos naturais.
- Falta dun saneamento integral da ría de Arousa.

PUNTOS FORTES

- Existencia dunha forte cultura e experiencia mariñeira no territorio.
- Emprego dunha gran variedade de artes de pesca, o que axuda na desestacionalización da actividade pesqueira.
- Riqueza de produtos do mar (cantidade e calidade).
- Sona dos produtos pesqueiros.
- Existencia no territorio de marcas propias de especies pesqueiras (ex. ameixa de carril).
- Sensibilidade pola sustentabilidade na actividade extractiva.
- Representación sectorial organizada.
- Notable desenvolvemento industrial.
- Envellecemento da poboación inferior á media galega.
- Orgullo e arraigo ó territorio por parte da poboación.
- Boa navegabilidade da ría durante a maior parte do ano.
- Proximidade de aeroportos (en particular, Lavacolla).
- Ubicación nas Rías Baixas, denominación territorial moi recoñecible polos potenciais turistas nacionais.
- Existencia de entes suprazonais (mancomunidades) encargados de planificar e promocionar os concellos a través do deseño de produtos turísticos para facer o destino máis atractivo y competitivo, baixo os principios de calidade e sustentabilidade.
- Amplitude dos recursos turísticos.
- Declaración de Municipios Turísticos Galegos (A Pobra e Rianxo).
- Existencia de festas declaradas de Interese Turístico.
- Oferta gastronómica exclusiva con boa relación calidade/prezo.
- Importante rede de restauración.
- Riqueza patrimonial e natural do territorio.
- Rehabilitación e coidado dos cascos históricos das vilas.
- Elevada dispoñibilidade e calidade do recurso praias.
- Existencia de recursos naturais de elevado valor (Parque Nacional Marítimo das Illas Atlánticas -illas de Cortegada e Sálvora-, Parque Natural de Corrubedo, existencia de espazos incluídos na Rede Natura 2000, etc.).
- Implantación de Axendas 21 nas Mancomunidades de Arousa Norte e o Salnés.

2.2 PREVISIÓN DE CREACIÓN DE EMPREGO

2.2.1 Metodoloxía

Para desenvolver a análise de previsión de creación de emprego tómase a publicación ***Datos sobre ocupacións***, que fai referencia aos grupos poboacionais máis contratados para un determinado ámbito territorial. Dado que os datos publicados no **Instituto Galego das Cualificacións** dependente da Consellería de Traballo chegan ao nivel de desagregación comarcal, cóllense os resultados para as comarcas de A Barbanza e Salnés cuxa aproximación xeográfica ao territorio GAC é maior.

Esta publicación permite considerar os grupos ocupacionais máis contratados, analizando unha serie de indicadores que serven para estudar a tendencia, o grao de ocupabilidade e a temporalidade que presentan as ocupacións.

O período temporal da análise é de cinco anos (2003 – 2007), período considerado suficiente para calcular uns indicadores laborais representativos.

VARIABLES E INDICADORES MANEXADOS

Contratados: persoas contratadas, independentemente do número de contratos.

Demandantes: demanda preferente (solicitada en primeiro lugar), conleva unha preferencia do traballador á hora de buscar emprego.

Saldo Neto: diferenza entre contratados nun ámbito territorial e a media dos demandantes preferentes nun mesmo período temporal.

Cando o saldo é positivo con respecto aos demandantes de emprego , o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego existentes. Indica mobilidade dos demandantes en dito grupo poboacional. Cando o saldo é negativo indica un déficit de contratación, os demandantes superan os requirimentos do mercado de traballo.

Indicador de Tendencia: refírese a un ano e indica a evolución contractual nun periodo temporal de cinco. Considéranse tamén as variacións interanuais de xeito que en función do número de periodos nos que se crece ou decrece establécese un resultado.

Indicador de Ocupabilidade: para o cálculo precisamos dúas variables: o anterior indicador e o saldo neto calculado para cada grupo ocupacional (contratados no grupo menos as demandas preferentes recollidas no ámbito territorial correspondente).

Indicador de Estabilidade: susténtase en dúas variables, a contratación indefinida (% de contratados indefinidos fronte ao total de contratados ao longo do ano) e a taxa de rotación / persoa (nº de contratos temporais para cada contratado temporal ao longo do ano). Indicador anual que permite ver a evolución da existencia ou non da estabilidade laboral ao longo dos anos.

2.2.2 Análise de resultados

A continuación, analízanse os resultados acadados para os sectores máis representativos do ámbito territorial da Ría de Arousa (comarcas de A Barbanza e Salnés).

1. Sector pesqueiro e industria de transformación do peixe:
 - A porcentaxe de contratados anuais sobre o total neste sector é elevada aínda que con tendencia decrecente en ambas marxes da Ría. É importante subliñar que o peso do sector na zona Norte da Ría (+- 30%) é ostensiblemente maior que na zona Sur (+- 10%)
 - O indicador de estabilidade laboral indica que esta é media-baixa para o conxunto do territorio considerando todo o período analizado (2003 – 2007)
 - O indicador de tendencia ten signo decrecente e este decrecemento amósase relevante.
 - O indicador de ocupabilidade indica unha ocupabilidade baixa.

2. Industria manufactureira e construción

- Porcentaxe de contratados anuais sobre o total elevada con tendencia lixeiramente decrecente. Os contratados/as anuais neste ámbito sitúanse sobre o 22% no conxunto do territorio.
- O indicador de estabilidade laboral é medio para o conxunto do territorio considerando o período (2003 – 2007)
- O indicador de tendencia é variable. No caso da industria manufactureira toma o valor decrecente relevante e no caso dos empregos relacionados coa construción crecente irregular e mesmo relevante.
- A ocupabilidade é baixa para o caso da industria manufactureira e alta ou moi alta para os empregos da construción.

3. Restauración, outros servizos relacionados co turismo e comercio:

- Porcentaxe de contratados sobre o total elevada con tendencia contida pero crecente. Os contratados/as anuais neste ámbito sobre o total son de aproximadamente o 20% na zona Sur da Ría e de aproximadamente o 14% na Norte.
- O indicador de estabilidade laboral indica que esta é media-alta para o conxunto do territorio considerando o período (2003 – 2007)
- O indicador de tendencia e crecente sendo este sostido.
- O indicador de ocupabilidade indica unha ocupabilidade moi alta.

Vistos os datos o primeiro que hai que considerar é que os tres sectores que se incorporan son o resultado do sumatorio dos subsectores de contratación máis importantes. Estes resultados permítennos extraer algunhas claves do enfoque que se lle debe imprimir ao desenvolvemento económico da Ría de Arousa.

Os resultados indican un peso específico do sector pesqueiro. En troques, trátase dun sector maduro que precisa de cambios importantes que permitan facelo máis atractivo, que incorpore traballo cualificado e que aborde os ámbitos da innovación, da incorporación valor engadido ás producións e da competitividade co exterior. Estes son algúns factores que poden incidir positivamente no cambio de tendencia da ocupabilidade neste sector.

A industria manufactureira reduciu o número de contratados/as ao longo dos anos sendo a súa ocupabilidade baixa. Isto indica, igual que no caso da pesca, que a industria manufactureira non consegue medrar a un maior ritmo cada ano, perdendo paseniñamente posicións respecto a outros sectores.

No caso concreto da construción sucede o contrario. Este sector ten unha alta empregabilidade, en troques, a serie de datos remata en 2007 polo que cabe pensar que na actualidade os datos terán variado substancialmente, baixando a empregabilidade ao baixar as necesidades de traballadores/as deste tipo de empresas, derivado da situación recesiva que vivimos na actualidade. A excesiva dependencia da construción e o efecto arrastre sobre outros sectores, ao igual que noutros ámbitos territoriais, deben ser elementos máis que suficientes para o debate sobre cal é o modelo de crecemento óptimo e cara onde debe orientarse o emprego.

Por outro lado, é preciso estudar cales son as necesidades formativas dos potenciais demandantes, e se están cubertas na área de influencia do territorio, pois moitas veces a cualificación é inadecuada ou insuficiente e isto xera problemas de axuste entre oferta e demanda e mesmo pode afectar ao crecemento de determinados sectores, como os dependentes da pesca que moitas veces non atopan persoal adecuado.

Así mesmo, a aposta pola I+D+i e a diversificación produtiva deben incidir nos próximos anos nun cambio neste sentido que faga aumentar o emprego no territorio. Neste sentido, o sector servizos asociados ao turismo crece máis cada ano e a posibilidade de empregarse é moito maior que noutros sectores.

Todo isto permite pensar nun potencial de crecemento do emprego importante, orientado a sectores que aposten polo aproveitamento dos recursos locais relacionados co mar, a diversificación nos produtos ofrecidos, a innovación e a mellora do atractivo de determinados oficios asociados a condicións laborais difíciles.

B) PROPOSTA ESTRATÉGICA ZONAL

1. VISIÓN ESTRATÉGICA

1.1. PRIORIDADES DO FEP

O Plan Estratégico Zonal de Ría de Arousa que se presenta neste documento, ten como referente o novo período de programación comunitario. No Regulamento base do FEP (CE 1198/2006) plántea a posibilidade novidosa de incluír actuacións orientadas a estimular nas zonas pesqueiras a creación de novas fontes de ingresos sostibles e dun incremento da calidade de vida, medidas que complementan ás de aplicación da Política Pesqueira Común e de regulación dos impactos económicos, sociais e medioambientais da extinción de recursos nas zonas con actividades intimamente ligadas ao sector pesqueiro e acuicultor.

A aplicación destas medidas establécese no PEN mediante a creación de ferramentas que permitan a adopción de solucións ás necesidades reais dos axentes que mellor comprenden os problemas e desexos das comunidades pesqueiras. Este é o plantexamento do novo Eixo 4 "Desarrollo Sostenible de las zonas de pesca", un novo enfoque cara o desenvolvemento das zonas dependentes da pesca que ten importancia de carácter estratéxico no programa nacional e especialmente en Galicia polo peso relativo do sector no PIB Galego.

Así na "Medida 4.1. Desarrollo de zonas pesqueras" do PEN, tense en conta os efectos directos derivados da aplicación Política Pesqueira Común, e a necesidade de adopción de estratexias de desenvolvemento de emprego sostible que permita alternativas de diversificación e faciliten a reciclaxe profesional, ou que as comunidades pesqueiras obteñan novas fontes de ingresos. Preténdese polo tanto, aproveitar de forma óptima todo o seu potencial económico, ecolóxico e turístico.

O obxectivo é manter a poboación (fomentando a substitución xeracional) e lograr a sustentabilidade económica a longo prazo. A diversificación económica

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

permitirá mellorar as taxas de crecemento económico e emprego destas zonas e aumentará a capacidade de elección dos traballadores á hora de buscar novas fontes de ingresos.

A posta en marcha do eixo 4 artículase mediante a definición estratéxica e participativa dun programa de actuacións e coa constitución do grupo: Grupo de Acción Costeira

O proceso participativo é esencial no modelo, como garante da respostas deseñadas acorde as necesidades concretas do territorio, aportando ademais o fortalecemento da cooperación e organización cara o desenvolvemento local. Este enfoque (enfoque Leader - abaixo cara arriba) ten a finalidade da implicación, especialmente do sector privado, no modelo de desenvolvemento sostible decidido.

O esforzo participativo e consultivo inicial desemboca na presentación deste Plan Estratégico Zonal, que inclúe tanto a definición das diferentes medidas como a priorización ou peso específico que tais actuacións terán sobre o conxunto, incluíndo o peso financeiro correspondente.

Así entre as prioridades estratéxicas que marcan o programa están:

Eixes verticais ou sectoriais:

- Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, mellora comercial. Manter a prosperidade económica e social das áreas, integrando accións de fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro e o incremento do valor engadido dos produtos pesqueiros e a acuicultura
- Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación. Manter e desenvolver os postos de traballo: diversificación económica e reestruturación social.

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

- Primando actuacións que permitan ao colectivo pescador/mariscador realizar outras actividades económicas, de forma complementaria ou non, como a reorientación e diversificación das actividades económicas e con inversións cara o sector turístico-pesqueiro e cultural
 - Evidenciando o papel da muller nas accións de diversificación da actividade pesqueira polo que a promoción da igualdade de oportunidades home-muller permite alcanzar o desenvolvemento social nas zonas.
-
- Mellora do contorno natural e a calidade ambiental: Potenciar a calidade ambiental costeira, mediante apoio a iniciativas que teñan en conta a protección do medio e o restablecemento de produción afectada por catástrofes naturais ou industriais.
 - Promoción da cohesión social, e promover a cooperación nacional e transnacional entre zonas de pesca.

Eixes de carácter horizontal ou transversal:

- Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías
- Fomento da igualdade de oportunidades
- Fomento da cooperación e da participación

1.2. PLAN ESTRATÉGICO ZONAL

1.2.1 Desenvolvemento do plan


O Plan Estratégico Zonal busca o desenvolvemento sostible e integrado do territorio que comprende Ría de Arousa. Este enfoque de formulación do PEZ tamén é trasladable ao proxectos que se realicen, tendo en conta os seguintes elementos:

- Orientación a obxectivos estratégicos e prioridades do Eixo 4 do FEP
- Enfoque integrado e concentración
- Coherencia e pertinencia dos proxectos
- Complementariedade
- Colaboración partenarial
- Innovación
- Transversalidade do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres


O esquema de elaboración do Plan Estratégico Zonal parte dun análise do territorio como punto de inicio para determinar a orientación precisa do programa, na procura dunha imprescindible coherencia das intervencións propostas. Este esquema é desenvolto en dúas fases básicas:

1. Planificación estratéxica
2. Planificación operativa

Planificación estratégica



Planificación operativa



1.2.1 Obxectivos

A situación actual dos municipios do territorio con alta dependencia da pesca plantea a necesidade de reducir esta dependencia económica mediante unha maior diversificación do tecido socioeconómico.

O énfase na mellora de produtividade sobre á actividade pesqueira, buscando un mellora da competitividade (principalmente comercial) é preciso complementalo coa aparición de novas actividades produtivas que xeren novos bens e servizos. A actividade tradicional e estas novas actividades deben encaixar e reforzarse entre si, buscando o maior valor agregado.

Son moitos os factores e niveis da organización social e económica do territorio, e moitas as interrelacións entre eles, que determinarán a capacidade conxunta para a competitividade territorial. As redes de ámbito local no deseño, preparación e posta en marcha de proxectos concretos, é un dos factores craves máis relevante

para un aproveitamento económico do eixo 4, pero sobre todo, é a oportunidade de asentar unha forma de traballar diferente que tantas vantaxes ten demostrado nos programas de desenvolvemento rural.

Neste contexto, son obxectivos estratégicos do PEZ Ría de Arousa:

- a. Potenciar o desenvolvemento e participación da actividade pesqueira na economía local, dende unha perspectiva novidosa que aproveite as sinerxias con outros sectores como base para a xeración de maior riqueza e renda familiar: xerar valor agregado
- b. Desenvolver unha conciencia territorial integrada na que participen o sector económico, público e social
- c. Aumentar a competitividade territorial entendida como a capacidade efectiva da Ría para valorizar a produción do territorio de maneira sostida e en base á inversión empresarial e a coordinación de axentes.

2. LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACTUACIÓNS PREVISTAS

2.1. ESQUEMA XERAL

Tal e como xa se comentou con anterioridade, as liñas estratéxicas do presente Plan Estratégico Zonal derívanse da conxunción tanto das prioridades estratéxicas establecidas no eixo 4 “Desarrollo Sostenible de las zonas de pesca” do Fondo Europeo de Pesca, como dos obxectivos establecidos como estratéxicos e prioritarios para o presente PEZ, froito da análise previa do territorio do GAC Ría de Arousa, que permitiu, a través do coñecemento das debilidades e fortalezas internas, así como das ameazas e oportunidades do entorno, determinar as prioridades que permitirán aproveitar mellor as fortalezas e reducir o impacto das debilidades.

Así, de cara a dar resposta aos obxectivos estratéxicos establecidos para o PEZ, defínense as seguintes liñas estratéxicas:

- Liña estratéxica 1: Imaxe territorial
- Liña estratéxica 2: Competitividade e diversificación do sector pesqueiro, Marisqueiro e acuícola
- Liña estratéxica 3: Desenvolvemento do turismo mariñeiro
- Liña estratéxica 4: Competitividade e diversificación de sectores económicos dependentes
- Liña estratéxica 5: patrimonio natural, cultural e etnográfico

A continuación, amósase o esquema xeral que contén as liñas estratéxicas que van definir as actuacións do GAC Ría de Arousa a través do PEZ hasta o 2013. No seguinte esquema preséntanse ademais, os programas correspondentes a cada unha das liñas estratéxicas, así como as tipos de accións a realizar dentro de cada programa:

LIÑA ESTRATÉXICA 1: IMAXE TERRITORIAL

PROGRAMA 1.1: A MARCA TERRITORIAL

ACCIÓN 1.1.1: Creación da Marca Territorial Ría de Arousa

ACCIÓN 1.1.2: Integración e implantación da Marca Territorial Ría de Arousa

ACCIÓN 1.1.3: Intranet da Marca Territorial Ría de Arousa

PROGRAMA 1.2: PROMOCIÓN TERRITORIAL

ACCIÓN 1.2.1: Plan de promoción e marketing

ACCIÓN 1.2.2: Posta en marcha do portal web da Marca Territorial Ría de Arousa

ACCIÓN 1.2.3: Apoio a proxectos innovadores de comercialización de produtos e servizos da Marca Territorial Ría de Arousa

ACCIÓN 1.2.4: Apoio á promoción de produtos ou servizos acollidos á Marca Territorial Ría de Arousa

LIÑA ESTRATÉXICA 2: COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, NARISQUEIRO E ACUÍCOLA

PROGRAMA 2.1: VALORIZACIÓN DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

ACCIÓN 2.1.1: Accións de valorización da imaxe profesional do sector

ACCIÓN 2.1.3: Creación da Rede "Escolas do Mar"

PROGRAMA 2.2: FOMENTO DAS SINERXIAS PESCA E TURISMO

ACCIÓN 2.2.1: Desenvolvemento de servizos de ocio ligados á actividade pesqueira

ACCIÓN 2.2.2: Apoio a novos proxectos empresariais turísticos promovidos por entidades e profesionais do sector pesqueiro

ACCIÓN 2.2.3: Proxectos de adquisición de capacidades e transferencia de boas prácticas

PROGRAMA 2.3: FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

ACCIÓN 2.3.1: Proxectos destinados á análise de custes de explotación e eficiencia operacional

ACCIÓN 2.3.2: Proxectos de cooperación comercial

ACCIÓN 2.3.3: Plataforma virtual para a comercialización de produtos pesqueiros

PROGRAMA 2.4: VALOR ENGADIDO DOS PRODUTOS PESQUEIROS

ACCIÓN 2.4.1: Fomento da produción de artesanía alimentaria

ACCIÓN 2.4.2: Proxectos empresariais para primeira transformación e novas presentacións

ACCIÓN 2.4.3: Proxectos piloto de explotación/comercialización de especies comerciais infravaloradas

LIÑA ESTRATÉXICA 3: DESENVOLVEMENTO DO TURISMO MARIÑEIRO

PROGRAMA 3.1: ADECUACIÓN DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

ACCIÓN 3.1.1: Rede de empresas de restauración Ría de Arousa

ACCIÓN 3.1.2 Rede de aloxamento Casas Mariñeiras

PROGRAMA 3.2: CREACIÓN DE RUTAS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS

ACCIÓN 3.2.1: Creación de paquetes vacacionais

ACCIÓN 3.2.2: Desenvolvemento de rutas agroalimentarias, culturais ,etc.

ACCIÓN 3.2.3: Accións de desestacionalización do sector turístico

ACCIÓN 3.2.4: Eventos e participación poboacional

LIÑA ESTRATÉXICA 4: COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DE SECTORES ECONÓMICOS DEPENDENTES

PROGRAMA 4.1 MODERNIZACIÓN E COMPETITIVIDADE

ACCIÓN 4.1.1: Accións de cooperación empresarial e mellora na xestión:
Calidade

ACCIÓN 4.1.2: Proxectos de promoción, capacitación e transferencia de boas prácticas

PROGRAMA 4.2 : DIVERSIFICACIÓN PRODUTIVA

ACCIÓN 4.2.1: Estudos para a adaptación a novos nichos de mercado

ACCIÓN 4.2.2: Deseño de programas de innovación empresarial e xestión da creatividade

LIÑA ESTRATÉXICA 5: PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E ETNOGRÁFICO

PROGRAMA 5.1: RECUPERACIÓN PATRIMONIAL

ACCIÓN 5.1: Elaboración do Plan de Sustentabilidade Ría de Arousa

ACCIÓN 5.1.2: Recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo

PROGRAMA 5.2: ESTUDO E DIVULGACIÓN PATRIMONIAL

ACCIÓN 5.2.1: Creación do Centro Virtual de Visitantes da Cultura Mariñeira en Ría de Arousa

2.2. LIÑA 1: IMAXEN TERRITORIAL

A imaxe territorial, en sentido amplo, enténdese como unha variable presente na sociedade coñecedora dunha determinada realidade local, sendo determinante no proceso de elección do consumidor, cando este se plantexa adquirir un produto ligado ao espazo físico local onde este é extraído, transformado, producido ou fabricado. Trátase, ao ser un elemento inmaterial, obxectivamente cuantificable pero tamén suxeito á valoración subxectiva dos cidadáns, de incidir dunha maneira dimensionada e integral na importancia que representa a imaxe do territorio como rasgo diferencial.

Baixo estes preceptos é obvio que a imaxe territorial na Ría de Arousa, como zona pesqueira, funciona como un elemento agregador de valor engadido do produto, se o resultado da súa medición cuantificada a través dunha serie de parámetros preestablecidos, é positiva; e como un elemento segregador de valor engadido cando a percepción da imaxe territorial para o consumidor potencial sexa negativa.

A imaxe da Ría eríxese como un concepto ligado e a calidade dos produtos e sevizos, que pode incidir decisivamente no seu consumo, tanto máis cando o produto teña unha clara ligazón co territorio onde é extraído como sucede cos recursos mariños; cando é elaborado nunha zona determinada e única como a artesanía; cando a súa fabricación ofrezca unha vantaxe competitiva por localización, en industrias que responden ao encadeamento produtivo ou “linkage” asociado a unha determinada materia prima; ou cando o produto ofrecido se basee nos valores sociais, culturais e naturais locais, como sucede por exemplo co turismo.

Xa que logo, a percepción do territorio non é baladí á hora de considerar os eixos sobre os que se basee o desenvolvemento socioeconómico local, máxime nun entorno competitivo global accionado pola sociedade da información e o coñecemento.

Percíbese pois a necesidade de considerar a propia imaxe territorial da Ría como un produto en si mesmo, que forma parte, por así dicilo, dos inputs empregados na produción doutros bens e servizos, e de igual modo estes bens e servizos actúan sobre a percepción da imaxe territorial, condicionándoa e modificándoa de forma

determinante. Trátase dun esforzo conxunto nunha mesma dirección con sentido de ida e volta, que se retroalimenta favorecendo o avance competitivo do territorio.

2.2.1. Programas e accións

Para abordar de forma eficaz os aspectos relacionados coa imaxe territorial na Ría de Arousa establécense unha serie de accións enmarcadas en dous programas de actuación.

O *Programa 1.1. A Marca Territorial*, aborda a necesidade de xerar unha imaxe conxunta do territorio que o identifique fronte a outras áreas de maneira diferenciada. A idea consiste en xuntar baixo o paraugas dunha única denominación entidades públicas e privadas do territorio que, comprometidas con este, estean abertas á cooperación entre elas e que traballen pola identidade común, na procura de xerar socialmente e de cara ao consumidor potencial unha visión única e integral do conxunto da Ría e dos produtos que ofrece.

Fóxese da idea dunha marca de calidade asociada a un produto determinado e afóndase no concepto da Ría e da súa contorna como espazo diferenciado independentemente do sector en que se ubique o produto e do tipo de produto que sexa.

A actitude dos axentes socioeconómicos pasa por ser, quizais, o factor determinante, dado que o éxito das accións a desenvolver vai depender da implicación conxunta de traballadores/as, empresas e institucións. Levar adiante un proxecto destas características supón un esforzo e un beneficio colectivo.

Por este motivo, a primeira acción do programa refírese á propia creación da marca territorial, optando para tal fin pola constitución dun ente colectivo no que teñan cabida todas as entidades interesadas que asuman os principios reitores da marca, para proceder de forma conxunta nunha acción facilitadora de que as entidades interesadas poidan asumir o esforzo necesario para a súa incorporación á marca colectiva territorial. A participación e cooperación, clave do éxito, atopa na tecnoloxía informática e de comunicación a ferramenta de xestión da propia marca.

O segundo programa de *Promoción Territorial*, ten como obxectivo principal desenvolver proxectos destinados á divulgación da marca no mercado e facilitar a comercialización dos produtos. Para elo enténdense necesarias tres accións concretas: un plan de promoción e marketing, un portal web da marca e un programa de apoio a proxectos innovadores de comercialización de produtos acollidos á denominación territorial e na promoción de produtos ou servizos concretos.

Canto aos eixes prioritarios do conxunto das accións temos que destacar que por un lado viran arredor da promoción económica, a promoción do emprego e a diversificación, e por outro na promoción da cohesión social. Ademais o conxunto das accións afondan en aspectos como o fomento da cooperación e participación, das tecnoloxías da información e comunicación e da igualdade de oportunidades.

2.2.2. Descrición das accións

LIÑA ESTRATÉXICA 1	IMAXE TERRITORIAL
PROGRAMA 1.1	A MARCA TERRITORIAL
ACCIÓN 1.1.1	CREACIÓN DA MARCA TERRITORIAL RÍA DE AROUSA
OBXECTIVO XERAL	
<p>Crear a marca territorial como zona pesqueira, que abrangan dunha maneira integral e transversal a un conxunto de produtos da Ría de Arousa que compartan os obxectivos e principios emanados da entidade colectiva creadora da marca, e que actúen conforme ao manual de identidade corporativa do que se dotaren.</p>	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
<p>Trátase de constituír unha entidade colectiva da que participen os axentes públicos, sociais e económicos co obxecto de unificar baixo unha mesma denominación os produtos e servizos da Ría de Arousa. A imaxe común do territorio sería potenciada por esta marca diferenciadora asociada á calidade que poden ofrecer todos os sectores económicos.</p> <p>ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Constitución dunha entidade colectiva territorial para o impulso e xestión da marca. • Definición de estándares da marca territorial. 	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Proxecto integrador para o fomento da cooperación entre entidades • Participación activa dos axentes económicos a quen se dirixe a acción • Calidade en procesos, produtos e servizos • Responsabilidade social, ambiental e territorial 	
CRONOGRAMA	
2008 - 2009	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none"> • Nº de produtos acollidos á marca • Nº de proxectos colectivos • Nº de empresas 	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none"> • Promoción da cohesión social • Fomento da cooperación e da participación 	

LIÑA ESTRATÉXICA 1	IMAXE TERRITORIAL
PROGRAMA 1.1	A MARCA TERRITORIAL
ACCIÓN 1.1.2	INTEGRACIÓN E IMPLANTACIÓN DA MARCA TERRITORIAL
OBXECTIVO XERAL	
Desenvolver todas aquelas actividades que permitan que a marca territorial poida ser asumida polos axentes socioeconómicos a quen vai dirixida.	
DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN	
<p>Apoio a proxectos facilitadores do proceso no que se impliquen as empresas e outras entidades interesadas na súa integración na marca territorial. Para elo será preciso desenvolver accións encamiñadas ao coñecemento da propia marca polas empresas e a adaptación aos requirimentos da marca tanto no que atinxe aos bens e servizos ofrecidos como á xestión interna das empresas.</p> <p>ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de difusión para a integración na marca • Actividades de capacitación para a integración na marca • Apoio á implantación de sistemas de xestión 	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Participación e formación dos traballadores • Igualdade de oportunidades dentro da empresa • Empresas e entidades comprometidas co territorio e a identidade común • Calidade nos produtos e no proceso de produción • Solidariedade e cooperación entre empresas e entidades 	
CRONOGRAMA	
2009 - 2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none"> • Nº de sistemas de xestión colectiva implantados • Nº de empresas con produción asociada aos recursos territoriais • Nº de entidades acollidas 	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none"> • Promoción económica: promoción de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación • Fomento da cooperación e da participación 	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 1	IMAXE TERRITORIAL
PROGRAMA 1.1	A MARCA TERRITORIAL
ACCIÓN 1.1.3	INTRANET DA MARCA TERRITORIAL
OBXECTIVO XERAL	
Crear unha intranet que permita unha maior operatividade na xestión da marca	
DESCRICIÓ DA ACCIÓ	
Desenvolver o software necesario para a xestión da marca, impulsando a participación no proceso das empresas e entidades participantes na marca.	
CRITERIOS DE EXECUCIÓ	
<ul style="list-style-type: none">• Fomento da igualdade de oportunidades das empresas no acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación• Impulso da cooperación entre as empresas e entidades integradas na marca.• Facilitar o trasvase de información e coñecemento entre empresas e entidades	
CRONOGRAMA	
2009	
LOCALIZACIÓ	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de sistemas de xestión colectiva implantados• Nº de empresas con acceso TIC´s	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Promoción da cohesión social• Fomento da sociedade da información e as tecnoloxías• Fomento da cooperación e da participación	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 1	IMAXE TERRITORIAL
PROGRAMA 1.2	PROMOCIÓN TERRITORIAL
ACCIÓN 1.2.1	PLAN DE PROMOCIÓN E MARKETING
OBXECTIVO XERAL	
Desenvolver un plan de promoción e marketing que dea a coñecer dunha maneira integral o territorio.	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Apoio a proxectos que acordes cun Plan de promoción estruturado e con estabilidade no tempo, que promovan a imaxe do territorio ligada á marca territorial a través de accións que posibiliten a diferenciación territorial. Realizarase preferentemente unha promoción ligada a produtos, festas, tradicións, empresas e especialmente á súa relación co mar e coa pesca.	
ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:	
<ul style="list-style-type: none">• Campañas de difusión da marca• Participación en feiras e congresos, etc	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Accións de marketing territorial asociadas á difusión da marca	
CRONOGRAMA	
Segundo semestre 2009 - 2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de plans e programas de promoción do territorio desenvolvidos• Nº de feiras e congresos nos que teñan participado entidades do territorio	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Promoción económica: promoción de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 1	IMAXE TERRITORIAL
PROGRAMA 1.2	PROMOCIÓN TERRITORIAL
ACCIÓN 1.2.2	POSTA EN MARCHA DO PORTAL WEB DA MARCA TERRITORIAL
OBXECTIVO XERAL	
Crear dun portal virtual que permita proxectar publicamente a marca territorial e os produtos acollidos	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Portal onde se presente a marca territorial da Ría de Arousa. Neste espazo virtual haberá acceso a información territorial. O conxunto de empresas e entidades pertencentes á marca contarán con links para o acceso a contido propio e habilitarase unha plataforma para a comercialización de produtos asociados á marca. O portal será fiel reflexo dos principios corporativos emanados da entidade creadora da marca territorial e conterá información útil para o consumidor.	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Favorecer a accesibilidade de empresas e entidades asociadas á marca• Promover o uso das novas tecnoloxías entre as empresas e entidades asociadas• Presentar o conxunto do territorio dunha maneira integradora e innovadora• Ofrecer os bens e servizos a un mercado máis amplo	
CRONOGRAMA	
2010	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de empresas con acceso a internet• Nº de portais colectivos	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Promoción económica: promoción de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación• Fomento da sociedade da información e as tecnoloxías	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 1	IMAXE TERRITORIAL
PROGRAMA 1.2	PROMOCIÓN TERRITORIAL
ACCIÓN 1.2.3	APOIO A PROXECTOS INNOVADORES DE COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS ACOLLIDOS Á MARCA
OBXECTIVO XERAL	
Impulsar proxectos innovadores de comercialización dos produtos acollidos á marca a través do apoio financeiro a empresas que aposten por este tipo de iniciativas	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Apoiar proxectos novidosos no eido da comercialización de produtos da marca territorial a través de axudas que permitan executar as iniciativas que neste eido impulsen as empresas.	
ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:	
<ul style="list-style-type: none">• Proxectos que incorporen as TIC's (tarxeta electrónica para clientes da marca,...)	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Xeración de alternativas para a realización de transaccións comerciais• Potenciar o uso das TIC's entre as empresas acollidas á marca territorial• Promover a igualdade de oportunidades entre as empresas á hora de impulsar proxectos innovadores• Impulso de proxectos nos que participen varias entidades ou empresas	
CRONOGRAMA	
2009 - 2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de proxectos innovadores de comercialización implantados• Nº de proxectos piloto de comercialización innovadores• Nº de proxectos colectivos de comercialización	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Promoción económica: promoción de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación• Fomento da igualdade de oportunidades• Fomento da sociedade da información e as tecnoloxías• Fomento da cooperación e da participación	
PRESUPOSTO DA ACCIÓN	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 1	IMAXE TERRITORIAL
PROGRAMA 1.2	PROMOCIÓN TERRITORIAL
ACCIÓN 1.2.3	APOIO Á PROMOCIÓN DE BENS E SERVIZOS ACOLLIDOS Á MARCA
OBXECTIVO XERAL	
Achegar os bens e servizos acollidos á marca ao mercado mediante apoio económico á promoción realizada por iniciativa das empresas e entidades.	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Facilítase o financiamento de iniciativas empresariais que busquen a promoción dos seus produtos vinculados á marca territorial.	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Fomento de iniciativas innovadoras no eido da promoción• Igualdade de oportunidades das empresas na promoción do produto	
CRONOGRAMA	
2009 - 2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de empresas con programas de promoción de produto implantados• % de gasto das empresas en promoción	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Promoción económica: promoción de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación	

2.3. LIÑA 2: COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO

O sector pesqueiro na Ría afronta problemas e dificultades condicionados por toda unha serie de factores. A diminución do prezo do pescado e marisco como consecuencia da globalización de mercados, a situación dos recursos pesqueiros con problemas de sobrepesca, o incremento dos custes de explotación complicada co prezo dos carburantes, as características do traballo no mar, o furtivismo, etc.

Esta liña estratéxica pretende potenciar aqueles proxectos que dende o sector aproveiten as fortalezas internas e as oportunidades que ofrece o entorno.

2.3.1. Programas e accións

O valor social é un factor determinante no modelo de desenvolvemento do territorio. A perda do atractivo con respecto a outros sectores ou a imaxe estereotipada dos profesionais do mar, que no caso da Ría de Arousa, ten especial incidencia respecto ó resto da comunidade autónoma (conflitos, narcotráfico, etc.), fai prioritario o desenvolvemento de proxectos dirixidos a mellorar a imaxe do sector que partan e fagan partícipes ao mesmo.

Así o programa 2.1 engloba aqueles proxectos de valorización da profesión pesqueira, incluíndo o recoñecemento da actividade realizada polas mulleres. Este programa, articulado en dúas accións pretende varios obxectivos enlazados, por unha parte fomentar a eliminar barreiras sociais que tamén faciliten incorporación de novos traballadores/as cualificados, especialmente que leven a aumentar a participación da muller nos subsectores no que está infrarepresentada. Por outra, o traballo directo cos nenos e nenas dos profesionais do sector como transmisores directos dun sector pesqueiro moderno, sostible e igualitario

En canto as fortalezas internas salienta a incuestionable experiencia do sector da ría das diferentes modalidades de pesca e tipos de pesquería. Esta experiencia que xa forma parte da tradición e cultura que empapan o territorio, debe ser entendida como

un valor patrimonial por se mesmo que brinda oportunidades económicas asociadas (turismo mariñeiro, artesanía, etc). Un "saber facer" que conleva o excepcional coñecemento do litoral, da ría, das especies traballadas; multitude de capacidades e habilidades adquiridas no traballo diario (navegación, manexo redes de pesca, etc); procesos do sector que xa representan un atractivo (lonxas, marisqueo, descarga da flota artesanal, etc.); todos estes elementos son un recurso pouco aproveitado cun potencial económico.

Neste senso, o programa 2.2. recolle todas aquelas propostas dirixas ao aproveitamento de oportunidades de diversificación coa posta en marcha de novos servizos, produtos, ou actividades ligadas ao sector turismo, de ocio ou incluso ao científico-técnico. Este fomento da diversificación debe ser afrontada baixo criterios de calidade e sustentabilidade ambiental, polo que se incorpora ao programa unha acción específica de adquisición de capacidades e coñecemento de boas prácticas, que permita a formación formal ou informal das persoas que desenvolverán os proxectos.

En canto a outros aspectos ligados a competitividade, o sector extractivo demanda e debe afrontar retos asociados á innovación empresarial. A innovación abarca actuacións dirixidas tanto aos procesos, organización, produto ou a comercialización.

O programa 2.3 está orientado a proxectos innovadores que permitan optimizar os procesos, como o análise para redución dos custes de explotación ou melloras na eficiencia operacional (organización do traballo, redución de descartes, eficiencia nas capturas, etc.). Tamén neste programa introdúcese unha acción que da cabida a proxectos de innovación comercial mediante a cooperación. Cooperación intraprofesional mediante redes formais e partenariados a nivel local, e cooperación intersectorial nas que podan participar os diferentes interlocutores que interveñen na cadea comercial dos produtos.

Por último, o programa 2.3 inclúe unha acción específica apoiada nas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da comunicación para a comercialización de produtos pesqueiros que pretende incidir na necesidade dunha maior incorporación da sociedade da información no sector.

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

Ligado coa innovación do produto está o programa 2.4, fomentando o valor engadido. Por unha parte a presenza dunha demanda de mercado para produtos do mar baseada na calidade e, aproveitando a vantaxe da "fama" dos produtos galegos moi apreciados e valorados polo consumidor, considerase necesario fomentar a produción de artesanía alimentaria local no marco do desenvolvemento da lei de calidade alimentaria de Galicia.

Ademais as tendencias de mercado indican que o consumidor demanda produtos seguros, frescos é sobre todo cómodos, polo que a cadea de valor debe orientarse a satisfacer esta demanda. Neste senso, o programa incorpora unha acción específica cara a aportar valor nas primeiras etapas (envasado, etiquetado, eviscerado, fileteado, etc.) como unha necesidade do sector para responder as tendencias do consumo actual.

A última acción está dirixida á potenciación mediante a posta en marcha de proxectos piloto, de especies comerciais infravaloradas co fin último de que acaden mellores prezos na primeira venda.

2.3.2. Descrición das accións

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.1	A VALORIZACIÓN DA ACTIVIDADE PESQUEIRA
ACCIÓN 2.1.1	ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA IMAXE PROFESIONAL DO SECTOR
OBXECTIVO XERAL	
Recuperar unha imaxe das diferentes ocupacións do sector destacando a convivencia entre tradición e modernidade, a xestión dos recursos, o coidado do patrimonio natural, a relevancia económica e social, o emprego feminino, a calidade e seguridade alimentaria.	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Apoio á realización de proxectos destinados á mellora da imaxe do sector pesqueiro en xeral, e dos diferentes subsectores en particular, mediante a transmisión á poboación de información relevante sobre o exercicio da actividade nos distintos oficios, a través dos propios profesionais do sector.	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Visibilizar o rol da muller na pesca • Fomento da presenza de mulleres en actividades tipicamente masculinas • Fomento da incorporación de mulleres a ocupacións masculinizadas • Fomento da profesión de mariñeiro entre a xuventude 	
CRONOGRAMA	
2009-2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none"> • Nº de accións realizadas • Tipos de accións • Nº e tipoloxía de destinatarios das accións de difusión 	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none"> • Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro • Fomento da igualdade de oportunidades 	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.1	A VALORIZACIÓN DA ACTIVIDADE PESQUEIRA
ACCIÓN 2.1.2	CREACIÓN DA REDE "ESCOLAS DO MAR"
OBXECTIVO XERAL	
Educar ós rapaces e rapazas en idade escolar nos valores de sustentabilidade ambiental e no coñecemento do sector a través de proxectos baseados na convivencia co mar, que configuren unha rede de educación do mar no territorio	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Definición e posta en funcionamento de proxectos ocio-educativos baseados na concepción nos campamentos de verán ou nas granxas-escola, nos que mesturen a transmisión de coñecementos propios da tradición e profesión mariñeira por parte dos profesionais do sector pesqueiro e a educación en valores de convivencia e sustentabilidade medioambiental. Incidirase ademais no coñecemento da Ría de Arousa realizando durante a duración da estancia escala en diferentes portos pesqueiros da mesma. ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS: <ul style="list-style-type: none">- Fomento de consumo de peixe e marisco entre a poboación escolar- Traballo en rede	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Proxecto integrador para o fomento da cooperación intersectorial• Empresas e entidades comprometidas co territorio e a identidade común• Integración na marca territorial• Proxectos que precisen da implicación colectiva de subsectores• Participación de profesionais de actividades mariñeiras feminizadas• Sustentabilidade económica a longo prazo	
CRONOGRAMA	
2009-2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de participantes na actividade• Nº de empregos creados• Nº de mulleres incorporadas• Grao de satisfacción dos usuarios	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Promoción da cohesión social• Fomento da igualdade de oportunidades• Fomento da cooperación e da participación	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.2	FOMENTO DAS SINERXIAS PESCA E TURISMO
ACCIÓN 2.2.1	DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DE OCIO LIGADOS Á ACTIVIDADE PESQUEIRA
OBXECTIVO XERAL	
Desenvolver un conxunto de servizos emparentados á actividade pesqueira.	
DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN	
Desenvolvemento e valorización dos recursos pesqueiros a través da creación dunha oferta de servizos, actividades de ocio e actividades de turismo mariñeiro, vinculados ó traballo no mar, nos que o principal atractivo resida na súa vinculación coa actividade pesqueira tradicional (ex. pesca-turismo, náutica, etc.)	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Diversificación das actividades cara ámbitos non dependentes da pesca• Sustentabilidade económica a longo prazo• Proxectos que precisen da implicación colectiva de empresas• Emprendemento de mulleres do mar• Calidade ambiental	
CRONOGRAMA	
2009-2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de empresas creadas• Nº de emprendedoras• Nº de empregos creados• Nº de mulleres incorporadas	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación• Fomento da igualdade de oportunidades	

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.2	FOMENTO DAS SINERXIAS PESCA E TURISMO
ACCIÓN 2.2.2	APOIO A NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS TURÍSTICOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES E PROFESIONAIS DO SECTOR PESQUEIRO
OBXECTIVO XERAL	
Promover e apoiar a creación de novos proxectos empresariais de carácter turístico ao abeiro dos profesionais do sector pesqueiro.	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Apoio a proxectos de carácter empresarial cara a reorientación profesional de persoas procedentes da actividade extractiva que aproveiten novas oportunidades de negocio asociado ao “turismo mariñeiro”	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Creación de postos de traballo en proxectos innovadores • Sustentabilidade económica a longo prazo • Proxectos que precisen da implicación colectiva de empresas • Calidade ambiental 	
CRONOGRAMA	
2009-2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa. Dirixido ao sector pesqueiro e marisqueiro	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none"> • Nº de empresas creadas • Nº de empregos creados • Nº de mulleres incorporadas 	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none"> • Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación • Fomento da cooperación e da participación 	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E DE ACUICULTURA
PROGRAMA 2.2	FOMENTO DAS SINERXIAS PESCA E TURISMO
ACCIÓN 2.2.3	PROXECTOS DE ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES E TRANSFERENCIA DE BOAS PRÁCTICAS
OBXECTIVO XERAL	
Fomentar a adquisición de capacidades e dos coñecementos teórico-prácticos necesarios para abordar proxectos de diversificación de actividade pesqueira.	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Preténdese desenvolver proxectos que permitan identificar e corrixir as necesidades de formación e articular vías para a transmisión de coñecemento, formas de promoción e boas prácticas entre os diferentes axentes de interese (formación, visitas de estudo, guía para emprendemento, recursos online, etc)	
Trátase de proxectos participativos que precisan da cooperación. O desenvolvemento deste tipo de actuacións permitirá no medio prazo dispoñer dun proceso retroalimentador de aprendizaxe con efectos sobre o conxunto do tecido empresarial e social.	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Proxectos de cooperación e participación entre diferentes axentes crave con sustentabilidade no tempo	
CRONOGRAMA	
2009-2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipoloxía de iniciativas• Nº de accións formativas realizadas• Nº de participantes nas accións	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización• Fomento da igualdade de oportunidades	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.3	FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA
ACCIÓN 2.3.1	PROXECTOS DESTINADOS Á ANÁLISE DE CUSTOS DE EXPLOTACIÓN E EFICIENCIA OPERACIONAL
OBXECTIVO XERAL	
Mellorar a eficiencia na explotación a través da análise da procedencia dos custos e das debilidades operacionais detectadas	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
As perdas de eficiencia produtiva veñen determinadas por diferentes causas que cómpre estudar para tomar en consideración as posibles solucións. Un problema fundamental xerador dos elevados custos de explotación do sector pesqueiro. En troques, variables como o coñecemento e as habilidades, a tecnoloxía e equipos utilizados, ou a innovación, son determinantes á hora de explicar o nivel de eficiencia ao longo do proceso produtivo.	
ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:	
<ul style="list-style-type: none">• Complementariedade con programas de apoio á innovación tecnolóxica – Programa pesc@plus	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Proxectos empresariais colectivos para o estudo da perda de eficiencia operacional• Iniciativas de cooperación en innovación de proceso	
CRONOGRAMA	
2009 - 2010	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa. Dirixido ao sector pesqueiro e marisqueiro	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de estudos• Nº de iniciativas innovadoras no proceso produtivo implantadas	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización• Fomento da sociedade da información e as tecnoloxías• Fomento da cooperación e da participación	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.3	FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA
ACCIÓN 2.3.2	PROXECTOS DE COOPERACIÓN COMERCIAL
OBXECTIVO XERAL	
Desenvolver proxectos de innovación comercial baseados na cooperación (venta conxunta, acordos comerciais, promoción conxunta etc.)	
DESCRIBIÓN DA ACCIÓN	
Apoio a proxectos dirixidos a distribución e comercialización do produto na que implique a distintos axentes interesados, polo que se fai necesario fomentar as redes de cooperación comercial e partenariado. A xestión, financiamento, participación e coordinación dos actores permite resolver moitas dificultades da comercialización e fomenta a mutua colaboración na procura do obxectivo común perseguido.	
ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:	
<ul style="list-style-type: none">• Cooperación intraprofesional (rede partenariado)• Cooperación interprofesional (cadea comercial)	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Natureza cooperativa do proxecto• Investimento conxunto de recursos para a comercialización• Coparticipación de profesionais e sectores da cadea comercial	
CRONOGRAMA	
2009 - 2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa. Dirixido ao sector pesqueiro e marisqueiro e sectores implicados na comercialización.	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de proxectos de cooperación na comercialización do produto pesqueiro e marisqueiro• Nº de iniciativas innovadoras implantadas na comercialización do produto pesqueiro e marisqueiro	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización• Fomento da sociedade da información e as tecnoloxías• Fomento da cooperación e da participación	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.3	FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA
ACCIÓN 2.3.3	PLATAFORMA VIRTUAL PARA A COMERCIALIZACIÓN DO PRODUTO PESQUEIRO
OBXECTIVO XERAL	
Desenvolver como alternativa complementaria baseada nas tecnoloxías da comunicación para a comercialización do produto pesqueiro, marisqueiro e acuícola.	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
Proxectos destinados á implantación de novas vía de comercialización do produto co desenvolvemento das aplicacións técnicas informáticas precisas para poder realizar transaccións económicas e comerciais a través de internet.	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Potenciar o sector pesqueiro con capacidade innovadora e adaptabilidade á demanda• Estimular ao sector pesqueiro cara a incorporación das TIC's• Afondar no binomio innovación-tradición ligado á pesca• Cooperación comercial• Marca Ría de Arousa	
CRONOGRAMA	
2009-2010	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa. Dirixido ao sector pesqueiro e marisqueiro	
INDICADORES	
<ul style="list-style-type: none">• Nº de sistemas innovadores de comercialización implantados	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización• Fomento da sociedade da información e as tecnoloxías• Fomento da cooperación e da participación	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.4	VALOR ENGADIDO DOS PRODUTOS PESQUEIROS
ACCIÓN 2.4.1	FOMENTO DA PRODUCCIÓN DE ARTESANÍA ALIMENTARIA
OBXECTIVO XERAL	
Incentivar a produción de alimentos seguros e de calidade encadrados na categoría de artesanía alimentaria á fin de conseguir unha maior participación deste tipo de produtos no mercado.	
DESCRICIÓN DA ACCIÓN	
A artesanía alimentaria constitúe un segmento da produción cun importante potencial de crecemento. As accións destinadas a potenciar o incremento na produción e variedade deste tipo de produtos van encamiñadas a favorecer o asentamento dunha actividade que aporta valor á cadea produtiva e diversifica o produto pesqueiro.	
ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:	
<ul style="list-style-type: none">• Seguridade alimentaria• Trazabilidade• Rexistro de artesanía alimentaria• Complementariedade con marcas de calidade alimentaria: ex. pescadeRías ¿de onde senon?	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none">• Fomento do binomio innovación-tradición nos produtos artesáns alimentarios• Posibilitar a sustentabilidade económica de proxectos produtivos de artesanía alimentaria• Incentivar o emprendemento no sector da artesanía alimentaria entre profesionais do sector• Promover a aparición de novos produtos mariñeiros de elaboración artesán• Integración na Marca Territorial	
CRONOGRAMA	
2009 – 2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa. Dirixido ao sector pesqueiro e marisqueiro	
INDICADORES	
Nº de produtos alimentarios do mar acollidos a unha denominación de artesanía alimentaria Nº empresas que elaboran artesanía alimentaria do mar Nº empregos/emprego mulleres	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none">• Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación• Fomento da igualdade de oportunidades	

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.4	VALOR ENGADIDO DOS PRODUTOS PESQUEIROS
ACCIÓN 2.4.2	PROXECTOS EMPRESARIAIS PARA A PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN E NOVAS PRESENTACIÓNS
OBXECTIVO XERAL	
Fomentar iniciativas dirixidas a aumentar o valor engadido dos produtos da mar, mediante a elaboración e posta no mercado produtos pesqueiros acordes coas demandas de mercado actuais.	
DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN	
<p>Apoio a proxectos orientados a mellora competitiva do sector pola innovación de produto ofrecendo un produto adaptado ás necesidades da demanda dos consumidores.</p> <p>Algunhas características a valorar á hora de consumir peixe ou outros produtos do mar son, entre outros, a comodidade na compra, por este motivo a manipulación e preparación (eviscerados, fileteados, etc) ou o desenvolvemento de novos embalaxes representa dar valor á produción pesqueira. Estas manipulacións poden realizarse nas primeiras etapas da comercialización, a bordo ou en porto, evitando as perdas de peso, custes de transporte, mellorando a rapidez nos procesos e mellorando o mantemento da cadea de frío.</p> <p>ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Seguridade alimentaria • Trazabilidade • Complementariedade con marcas de calidade: ex. pescadeRías ¿de onde senon? 	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Incentivar a execución de proxectos colectivos que engadan valor engadido ao produto a través de novas presentacións • Proxectos dirixidos á mellora ou implantación da manipulación do produto pesqueiro tanto a bordo como en porto • Mellorar a ocupación feminina no sector • Adaptabilidade aos requirimentos da demanda: consumo fácil e rápida preparación • Integración na marca territorial 	
CRONOGRAMA	
2009 - 2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa. Dirixido ao sector pesqueiro e marisqueiro	
INDICADORES	
<p>Nº de iniciativas de primeira transformación do produto pesqueiro</p> <p>% de vendas</p> <p>Prezos de venda</p>	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none"> • Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización • Fomento da igualdade de oportunidades • Fomento da cooperación e da participación 	

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal

LIÑA ESTRATÉXICA 2	COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA
PROGRAMA 2.4	VALOR ENGADIDO DOS PRODUTOS PESQUEIROS
ACCIÓN 2.4.3	PROXECTOS PILOTO DE EXPLOTACIÓN / COMERCIALIZACIÓN DE ESPECIES COMERCIAIS INFRAVALORADAS
OBXECTIVO XERAL	
Favorecer a implantación de proxectos emprendedores no eido da valorización e da posta no mercado de especies comerciais que limiten a competencia do produto importado non substitutivo.	
DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN	
O mercado globalizado ten incidido de forma importante na competitividade do sector pesqueiro extractivo, non só pola chegada ao mercado dun produto foráneo que incorpora menores custos de explotación, senón tamén pola chegada de novas especies comerciais que reúnen outras cualidades (sabor, facilidade no consumo, preparación, etc) que busca o consumidor. É necesario avanzar no estudo do mercado sobre gustos dos consumidores para abordar a posibilidade de incorporar novas especies que poidan ser valorizadas e poidan competir co produto importado que hoxe non atopa un substitutivo no mercado interior. Outro aspecto a considerar é o impacto destas accións sobre a sustentabilidade dos recursos, tendo en conta a sobreexplotación de especies comerciais habituais.	
ACTIVIDADES BÁSICAS ASOCIADAS:	
<ul style="list-style-type: none"> • Seguridade alimentaria • Trazabilidade 	
CRITERIOS DE EXECUCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Valorización de especies con características óptimas para a explotación comercial • Proxectos de cooperación entre os axentes do sector para a valorización e comercialización de especies • Proxectos orientados a multifuncionalidade do produto pesqueiro (farmacoloxía, cosmética, etc.) 	
CRONOGRAMA	
2009 - 2013	
LOCALIZACIÓN	
Territorio GAC 5 – Ría de Arousa. Dirixido ao sector pesqueiro e marisqueiro	
INDICADORES	
Nº de especies Kg de especies Prezos de venda Proxectos piloto de explotación / comercialización de especies infravaloradas	
EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS	
<ul style="list-style-type: none"> • Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización • Mellora da calidade ambiental 	

2.4. LIÑA 3: DESENVOLVEMENTO DO TURISMO "MARIÑEIRO"

O Eixo 4 do FEP para acadar o desenvolvemento sostible das zonas de pesca establece entre outras medidas de actuación:

- *Diversificar as actividades a través da promoción da pluriactividade da xente do mar, mediante a creación de empregos adicionais noutros sectores: turístico, patrimonio cultural, social, etc., e*
- *Axudar a pequenas infraestruturas e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos municipios dedicados á pesca.*

Neste sentido, tórnase como estratéxico establecer unha liña específica na que se fomenta o desenvolvemento do turismo mariñeiro de cara ao aproveitamento de tódalas posibilidades turísticas relacionadas co sector do mar e a propia cultura e tradición mariñeira que ofrece o territorio, potenciándose así un produto diferenciado doutras zonas da xeografía galega.

O turismo que se pretende desenvolver e potenciar a través desta liña estratéxica trata de aportar un compoñente de valor engadido ás actividades turísticas tradicionais ligadas ás vilas costeiras, sen circunscribirse á simple oferta de servizos e actividades turísticas relacionadas co mar, como poden ser as tan demandadas actividades náutico-deportivas. Trátase de crear e potenciar servizos e produtos turísticos que logren aportar vantaxes diferenciais con respecto á oferta de outros territorios. Ademais, e en consonancia coa potenciación da imaxe territorial integrada dos territorios circunscritos á Ría de Arousa, a oferta turística ligada ó mar desde aquí promovida desenvolverase baixo uns parámetros preestablecidos que garantiran a súa calidade e sustentabilidade.

A diferenciación dos produtos e servizos turísticos desenvolvidos ó abeiro deste programa obterase a través da integración nos mesmos da tradición mariñeira da Ría de Arousa, de forma que tódalas accións que se desenvolvan teñan un importante compoñente de promoción e revalorización dos valores de carácter etnográfico, humano, cultural, etc. ligados á actividade da zona.

2.4.1 Programas e accións

Para abordar de forma eficaz os aspectos relacionados co desenvolvemento do turismo mariñeiro establécense aquí unha serie de accións enmarcadas en programas de actuación específicos.

O desenvolvemento da Liña Estratégica 3 “Desenvolvemento do turismo mariñeiro” estrutúrase en dous programas básicos de actuación: o de *Adecuación de infraestruturas turísticas* e o de *Creación de rutas e programas específicos*.

Co programa de *Adecuación de infraestruturas turísticas* preténdese que as infraestruturas de restauración e de aloxamento que se acollan ó mesmo incorporen unha serie de características propias que as diferencien doutras do territorio. As principais vías de diferenciación virán da man da oferta de servizos complementarios á actividade principal, que serán ós que lle outorgarán o valor engadido fronte á oferta doutros establecementos afíns presentes no territorio. En concreto, o fomento dunha Rede de restauración ou unha Rede de aloxamento de Casas Mariñeiras ó longo do territorio do GAC Ría de Arousa permitirá ó turista acceder a unha hospedaxe coa arquitectura ou ambientación tradicional das casas das vilas mariñeiras, e lle garantirá tanto unha serie de equipamentos e comodidades básicas, como a prestación dunha serie de servizos e actividades relacionados co mar e a cultura mariñeira do lugar. Ademais, a pertenza dun aloxamento á Rede ofrecera ó cliente certas garantías de calidade de servizo e equipamentos que asegurará a satisfacción do mesmo, garantindo así vantaxes mutuas para tódolos entes que interactúan no mercado turístico.

	ACCIÓN 2.1.1	ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA IMAXE PROFESIONAL DO SECTOR			Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
					Non Produtivos	35.919,00 €	35.919,00 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.1.3	CREACIÓN DA REDE "ESCOLAS DO MAR"			Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
					Non Produtivos	52.880,75 €	52.880,75 €	0,00 €
	PROGRAMA 2.2: FOMENTO DAS SINERXIAS PESCA E TURISMO			4	P. Produtivos	482.245,83 €	289.347,50 €	192.898,33 €
					P. Non Produtivos	149.662,50 €	149.662,50 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.2.1.	DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS, OCIO LIGADOS Á ACTIVIDADE PESQUEIRA			Produtivos	133.033,33 €	79.820,00 €	53.213,33 €
					Non Produtivos	89.797,50 €	89.797,50 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.2.2.	APOIO A NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS TURÍSTICOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES E PROFESIONAIS DO SECTOR			Produtivos	349.212,50 €	209.527,50 €	139.685,00 €
					Non Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.2.3.	PROXECTOS DE ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES E TRANSFERENCIA DE BOAS PRÁCTICAS			Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
					Non Produtivos	59.865,00 €	59.865,00 €	0,00 €
	PROGRAMA 2.3: FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA			1	P. Produtivos	681.829,09 €	409.097,46 €	272.731,64 €
					P. Non Produtivos	118.712,30 €	118.712,30 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.3.1.	PROXECTOS DESTINADOS A ANÁLISE DE CUSTES DE EXPLOTACIÓN E EFICIENCIA OPERACIONAL			Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
					Non Produtivos	47.892,00 €	47.892,00 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.3.2.	PROXECTOS DE COOPERACION COMERCIAL			Produtivos	631.941,59 €	379.164,96 €	252.776,64 €
					Non Produtivos	29.912,55 €	29.912,55 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.3.3.	PLATAFORMA VIRTUAL PARA A COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTO PESQUEIRO			Produtivos	49.887,50 €	29.932,50 €	19.955,00 €
					Non Produtivos	40.907,75 €	40.907,75 €	0,00 €
	PROGRAMA 2.4: VALOR ENGADIDO PRODUCTOS PESQUEIROS			1	P. Produtivos	798.200,00 €	478.920,00 €	319.280,00 €
					P. Non Produtivos	289.347,50 €	289.347,50 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.4.1	FOMENTO DA PRODUCCIÓN DE ARTESANÍA ALIMENTARIA			Produtivos	24.943,75 €	14.966,25 €	9.977,50 €
					Non Produtivos	49.887,50 €	49.887,50 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.4.2	PROXECTOS EMPRESARIAIS PARA PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN E NOVAS PRESENTACIÓNS			Produtivos	498.875,00 €	299.325,00 €	199.550,00 €
					Non Produtivos	119.730,00 €	119.730,00 €	0,00 €
	ACCIÓN 2.4.3	PROXECTOS PILOTO DE EXPLOTACIÓN/COMERCIALIZACIÓN DE ESPECIES COMERCIAIS INFRAVALORADAS			Produtivos	274.381,25 €	164.628,75 €	109.752,50 €
					Non Produtivos	119.730,00 €	119.730,00 €	0,00 €

LIÑA ESTRATÉXICA 3: DESENVOLVEMENTO TURISMO "MARÍNEIRO"				808.177,50 €	528.807,50 €	279.370,00 €	
PROGRAMA 3.1: ADECUACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS TURÍSTICAS			2	P. Produtivos	498.875,00 €	299.325,00 €	199.550,00 €
				P. Non Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
ACCIÓN 3.1.1	REDE EMPRESAS DE RESTAURACION RÍA DA AROUSA			Produtivos	249.437,50 €	149.662,50 €	99.775,00 €
				Non Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
ACCION 3.1.2.		REDE DE ALOXAMENTO /OCIO/HOSTELERIA			Produtivos	249.437,50 €	149.662,50 €
				Non Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PROGRAMA 3.2: CREACIÓN DE RUTAS E PROGRAMAS ESPECIFICOS			3	P. Produtivos	199.550,00 €	119.730,00 €	79.820,00 €
				P. Non Produtivos	109.752,50 €	109.752,50 €	0,00 €
ACCIÓN 3.2.1	CREACIÓN DE PAQUETES VACACIONAIS			Produtivos	33.258,33 €	19.955,00 €	13.303,33 €
				Non Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
ACCIÓN 3.2.2		DESENVOLVEMENTO DE RUTAS AGROALIMENTARIAS, CULTURALES, ETC,			Produtivos	0,00 €	0,00 €
				Non Produtivos	29.932,50 €	29.932,50 €	0,00 €
ACCION 3.2.3.	ACCIONS DE DESESTACIONALIZACIÓN DE SECTOR TURISTICO			Produtivos	166.291,67 €	99.775,00 €	66.516,67 €
				Non Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
ACCIÓN 3.2.4		EVENTOS E PARTICIPACION POBOACIONAL			Produtivos	0,00 €	0,00 €
				Non Produtivos	79.820,00 €	79.820,00 €	0,00 €
LIÑA ESTRATÉXICA 4: COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DE SECTORES ECONÓMICOS DEPENDENTES				399.100,00 €	289.347,50 €	109.752,50 €	
PROGRAMA 4.1: MODERNIZACIÓN E COMPETITIVIDADE			2	P. Produtivos	149.662,50 €	89.797,50 €	59.865,00 €
				P. Non Produtivos	104.763,75 €	104.763,75 €	0,00 €
ACCIÓN 4.1.1:	ACCIONS DE COOPERACION EMPRESARIAL E MELLORA NA XESTIÓN: CALIDADE			Produtivos	149.662,50 €	89.797,50 €	59.865,00 €
				Non Produtivos	74.831,25 €	74.831,25 €	0,00 €
ACCIÓN 4.1.2		PROXECTOS DE PROMOCION, CAPACITACION E TRANSFERENCIA DE BOAS PRACTICAS			Produtivos	0,00 €	0,00 €
				Non Produtivos	29.932,50 €	29.932,50 €	0,00 €
PROGRAMA 4.2: DIVERSIFICACIÓN PRODUCTIVA			2	P. Produtivos	124.718,75 €	74.831,25 €	49.887,50 €
				P. Non Produtivos	19.955,00 €	19.955,00 €	0,00 €
ACCIÓN 4.2.1:	ESTUDOS PARA A ADAPTACIÓN A NOVOS NICHOS DE NEGOCIO			Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
				Non Produtivos	19.955,00 €	19.955,00 €	0,00 €
ACCIÓN 4.2.2		DESEÑO DE PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EMPRESARIAL E XESTIÓN DA CREATIVIDADE			Produtivos	124.718,75 €	74.831,25 €
				Non Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
LIÑA ESTRATEXIA 5: PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E ETNOGRAFICO				390.452,83 €	327.262,00 €	63.190,83 €	
PROGRAMA 5.1: RECUPERACION PATRIMONIAL			3	P. Produtivos	157.977,08 €	94.786,25 €	63.190,83 €
				P. Non Produtivos	202.543,25 €	202.543,25 €	0,00 €
ACCION 5.1.1	ELABORACION DO PLAN DE SOSTIBILIDADE RIA DE AROUSA			Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
				Non Produtivos	26.939,25 €	26.939,25 €	0,00 €
ACCION 5.1.2		ELABORACION DO PLAN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO			Produtivos	157.977,08 €	94.786,25 €
				Non Produtivos	175.604,00 €	175.604,00 €	0,00 €
PROGRAMA 5.2: ESTUDO E DIVULGACIÓN PATRIMONIAL			3	P. Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
				P. Non Produtivos	29.932,50 €	29.932,50 €	0,00 €
ACCION 5.2.1	CREACIÓN DO CENTRO VIRTUAL DE VISITANTES DA CULTURA MARÍNEIRA EN RIA DE AROUSA			Produtivos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
				Non Produtivos	29.932,50 €	29.932,50 €	0,00 €
TOTAL				Produtivos	3.093.058,26 €	1.855.834,96 €	1.237.223,30 €
				Non Produtivos	1.113.469,05 €	1.113.469,05 €	0,00 €
					4.206.527,31 €	2.969.304,00 €	1.237.223,30 €
					4.322.898,21		

2. PROXECTOS POR CADA EIXO DE ACCIÓN

		EIXO VERTICAL	6. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	5. FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E AS NOVAS TECNOLOXÍAS.	7. FOMENTO DA COOPERACIÓN E DA PARTICIPACIÓN	
A	LIÑA ESTRATÉXICA 1: IMAXE TERRITORIAL					
	PROGRAMA 1.1: A MARCA TERRITORIAL					
	1.1.1	CREACIÓN DA MARCA TERRITORIAL RÍA DE AROUSA CONSTITUCIÓN ENTIDADE COLECTIVA TERRITORIAL PARA IMPULSO E XESTIÓN DA MARCA DEFINICIÓN DE ESTANDARES DA MARCA TERRITORIAL	4. Promoción da cohesión social			X
	1.1.2:	INTEGRACIÓN E IMPLANTACIÓN DA MARCA TERRITORIAL ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN PARA A INTEGRACIÓN NA MARCA ACTIVIDADES DE CAPACITACIÓN PARA INTEGRACION NA MARCA TERRITORIAL DA RÍA DE AROUSA APOIO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación			X
	1.1.3	INTRANET DA MARCA TERRITORIAL	4. Promoción da cohesión social		X	X
	PROGRAMA 1.2: PROMOCION TERRITORIAL					
	1.2.1	PLAN DE PROMOCIÓN E MARKETING CAMPAÑAS DE DIFUSIÓN DE MARCA PARTICIPACIÓN EN FERIAS, CONGRESOS	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación			
	1.2.2	POSTA EN MARCHA DO PORTAL WEB A MARCA TERRITORIAL	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.		X	
	1.2.3	APOIO Á PROXECTOS INNOVADORES DE COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS E SERVIZOS DA MARCA	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	X	X	X
	1.2.4	APOIO Á PROMOCIÓN DE PRODUTOS OU SERVIZOS ACOLLIDOS Á MARCA	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.			

		EIXO VERTICAL	6. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	5. FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E AS NOVAS TECNOLOXÍAS.	7. FOMENTO DA COOPERACIÓN E DA PARTICIPACIÓN
B	LIÑA ESTRATÉXICA 2: COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO, MARISQUEIRO E DE ACUICULTURA				
PROGRAMA 2.1: VALORIZACIÓN DA ACTIVIDADE PESQUEIRA					
2.1.1	ACCIÓNS DE VALORIZACIÓN DA IMAXE PROFESIONAL DO SECTOR FOMENTO DA INCORPORACIÓN DE MULLERES A OCUPACIÓNS MASCULINIZADAS FOMENTO DA PROFESION DE MARIÑEIRO ENTRE A XUVENTUDE	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.	X		
2.1.3	CREACIÓN DA REDE “ESCOLAS DO MAR” ACCIÓNS DE ACHEGAMENTO E CONCIENCIACIÓN DA POBOACIÓN ESCOLAR	4. Promoción da cohesión social	X		X
PROGRAMA 2.2: FOMENTO DAS SINERXIAS PESCA E TURISMO					
2.2.1.	DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DE OCIO LIGADOS Á ACTIVIDADE PESQUEIRA	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	X		
2.2.2.	APOIO A NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS TURÍSTICOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES E PROFESIONAIS DO SECTOR PESQUEIRO	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	X		
2.2.3.	PROXECTOS DE ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES E TRANSFERENCIA DE BOAS PRÁCTICAS	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.			X
PROGRAMA 2.3: FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA					
2.3.1.	PROXECTOS DESTINADOS A ANÁLISE DE CUSTES DE EXPLOTACIÓN E EFICIENCIA OPERACIONAL COMPLEMENTARIEDADE -APOIO Á INNOVACIÓN TECNOLÓXICA- PROGRAMA PESC@PLUS	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.		X	X
2.3.2.	PROXECTOS DE COOPERACION COMERCIAL COOPERACIÓN INTRAPROFESIONAL (REDE PARTENARIADO) COOPERACION INTERPROFESIONAL (CADEA COMERCIAL)	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.		X.	X
2.3.3.	PLATAFORMA VIRTUAL PARA A COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTO PESQUEIRO	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.		X	X

		EIXO VERTICAL	6. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	5. FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E AS NOVAS TECNOLOXÍAS.	7. FOMENTO DA COOPERACIÓN E DA PARTICIPACIÓN
PROGRAMA 2.4: VALOR ENGADIDO PRODUCTOS PESQUEIROS					
2.4.1	FOMENTO DA PRODUCCIÓN DE ARTESANÍA ALIMENTARIA REXISTRO DE ARTESANIA ALIMENTARIA	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	X		
2.4.2	PROXECTOS EMPRESARIAIS PARA PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN E NOVAS PRESENTACIÓNS	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.	X		X
2.4.3	PROXECTOS PILOTO DE EXPLOTACIÓN/COMERCIALIZACIÓN DE ESPECIES COMERCIAIS INFRAVALORADAS	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación			

		EIXO VERTICAL	6. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	5. FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACION E AS NOVAS TECNOLOXÍAS.	7. FOMENTO DA COOPERACIÓN E DA PARTICIPACIÓN
C	LIÑA ESTRATÉXICA 3: DESENVOLVEMENTO TURISMO "MARIÑEIRO"				
PROGRAMA 3.1: ADECUACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS					
3.1.1	REDE EMPRESAS DE RESTAURACION RÍA DA AROUSA	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	X		X
3.1.2.	FOMENTO DE REDE DE ALOXAMENTO CASAS MARIÑEIRAS	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	X		X
PROGRAMA 3.2: CREACIÓN DE RUTAS E PROGRAMAS ESPECIFICOS					
3.2.1	CREACIÓN DE PAQUETES VACACIONAIS	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.			X
3.2.2	DESENVOLVEMENTO DE RUTAS AGROALIMENTARIAS, CULTURALES, ETC,	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.			X
3.2.3.	ACCIÓNS DE DESESTACIONALIZACIÓN DE SECTOR TURISTICO	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	X		
3.2.4	EVENTOS E PARTICIPACION POBOACIONAL	4. Promoción da cohesión social		X.	X
D	LIÑA ESTRATÉXICA 4: COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DE SECTORES ECONÓMICOS DEPENDENTES				
PROGRAMA 4.1: MODERNIZACIÓN E COMPETITIVIDADE					
4.1.1	ACCIÓNS DE COOPERACION EMPRESARIAL E MELLORA NA XESTIÓN: CALIDADE	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.		X	X
4.1.2	PROXECTOS DE PROMOCION, CAPACITACION E TRANSFERENCIA DE BOAS PRACTICAS	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.		X	X
PROGRAMA 4.2: DIVERSIFICACIÓN PRODUCTIVA					
4.2.1:	ESTUDOS PARA A ADAPTACIÓN A NOVOS NICHOS DE NEGOCIO	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.		X	X
4.2.2	DESEÑO DE PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EMPRESARIAL E XESTIÓN DA CREATIVIDADE	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.		X	

		EIXO VERTICAL	6. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	5. FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E AS NOVAS TECNOLOXÍAS.	7. FOMENTO DA COOPERACIÓN E DA PARTICIPACIÓN	
E	LIÑA ESTRATEXIA 5: PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E ETNOGRAFICO					
	PROGRAMA 5.1: RECUPERACION PATRIMONIAL					
	5.1.1	ELABORACION DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE RIA DE AROUSA	3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental			X
	5.1.2	RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO	3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental			
	PROGRAMA 5.2: ESTUDO E DIVULGACIÓN PATRIMONIAL					
5.2.1	CREACIÓN DO CENTRO VIRTUAL DA CULTURA MARIÑEIRA EN RIA DE AROUSA	3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental	X	X	X	

3. GASTOS DE XESTIÓN

Os gastos de xestión son os derivados das actividades que directamente executa o GAC. Son financiados totalmente pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e ascenden ao 20% do total do orzamento establecido no plan financeiro. Están divididos en gastos de funcionamento do GAC e gastos de difusión e sensibilización.

Os gastos de funcionamento do GAC Ria de Arousa ascenden ao 50% do total destinado aos gastos de xestión e repártense en catro rúbricas:

- Gastos de preparación. Son os gastos de elaboración do Plan Estratégico Zonal e outros gastos derivados da posta en marcha da entidade.
- Equipamentos. Equipos e instalacións necesarias para o funcionamento da entidade.
- Xerencia programa. Gastos derivados da xestión do GAC ao longo do periodo que dura o proxecto.
- Asociación GAC Ría de Arousa. Fondos para o funcionamento da Asociación GAC Ría de Arousa.

Os gastos de difusión e sensibilización supoñen o 50% restante que e repártense do seguinte xeito:

- Programa de sensibilización e adquisición de capacidades do grupo. Establécese como un conxunto de iniciativas que permitan por un lado promover a incorporación de entidades ao GAC e transmitir a labor que está a desenvolver a Asociación, e por outro programar as necesidades formativas necesarias para a xestión do grupo.
- Programa de difusión do programa. Preténdese dar cabida aquí a todas aquelas actuacións que permitan dar a coñecer, no seu conxunto, o proxecto do GAC Ría de Arousa a través de todos os medios que se estime oportuno para a promoción, publicidade, dinamización e divulgación na sociedade.

Grupo de Acción Costeira nº 5 Ría de Arousa - Plan Estratégico Zonal


GASTOS DE XESTIÓN	
<i>GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO GAC</i>	
1. Gastos de preparación	20.000,00 €
2. Equipamentos	17.000,00 €
3. Xerencia programa	250.000,00 €
4. Asociación GAC Ría de Arousa	85.000,00 €
<i>TOTAL</i>	<i>372.000,00 €</i>
<i>GASTOS DE DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN</i>	
1. Programa de sensibilización e adquisición de capacidades do grupo	200.000,00 €
2. Programa de difusión do programa	172.000,00€
<i>TOTAL</i>	<i>372.000,00 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>744.000,00 €</i>

4. PORCENTAXE ANUAL DE EXECUCIÓN

De acordo ao establecido na *Guía de candidatura aos GAC. Fondo Europeo de Pesca – eixe 4*, as porcentaxes anuais de execución do PEZ do GAC Ría de Arousa ata o 30 de xuño de 2013 presentan a distribución seguinte:

Anualidade	%
2009	42,84%
2010	14,29%
2011	14,29%
2012	14,29%
2013	14,29%
TOTAL	14,29%

5- CRONOGRAMA (Revisión xaneiro 2009)



GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RIA DE AROUSA

6. SEGUIMIENTO E CONTROL (PEZ)

Revisión: 26/01/2009

6. SISTEMAS DE CONTROL E SEGUIMIENTO

6.1 Funcións do GAC

O GAC ten os seguintes obxectivos e finalidades acordados co eixe 4 do FEP:

- Seleccionar os proxectos que se levarán a cabo na súa zona.
- Participar en iniciativas zonais, rexionais, nacionais e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona.
- Servir ás entidades asociadas de centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información relativa ao campo de acción do desenvolvemento local e rexional.
- Realizar a prospección e coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes no territorio en cada momento.
- Ser factor de sensibilización das administracións, entidades públicas e privadas, así como das institucións comunitarias europeas co obxecto de poder
- optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico, equilibrado, sostido e integral.
- Posibilitar entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.
- Promover a cooperación interrexional e transnacional con outras asociacións ou organizacións que teñan os mesmos obxectivos.
- Calquera outra que favoreza o desenvolvemento sostible do territorio.

Así mesmo ademais dos obxectivos xerais comentados anteriormente, o GAC deberán cumprir cos seguintes obxectivos **transversais**:

- Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á diversificación de actividades mediante a promoción de emprego múltiple para pescadores polo medio da creación de traballos adicionais fóra do sector pesqueiro, como por exemplo actividades turísticas a bordo de embarcacións.
- Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á busca de valor engadido para os produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura. É dicir, trátase de achegar algo máis aos produtos pesqueiros que aumente a súa calidade para a comercialización posterior.

- Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes, ademais de desenvolver e aplicar con disciplina, tanto o saber científico relativo ás relacións de igualdade de oportunidades humano-sociais, como os servizos destinados a satisfacer as necesidades e aspiracións das mulleres, tendo en conta a promoción da igualdade de oportunidades. Polo tanto haberá de adoptar medidas que fomenten a integración feminina no sector, respectando e conciliando a súa vida familiar e laboral.
- Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais colectivos destinatarios o sector pesqueiro, e prioritariamente as mulleres, a mocidade e os colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector. É transcendental a formación destes colectivos para unha futura mellora do sector.
- Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á protección do medio natural nas zonas pesqueiras co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as vilas costeiras de pescadores, así como participar nas actuacións de restablecemento do potencial produtivo do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola danado como consecuencia de desastres naturais ou industriais.

6.2 Seguimento e control

6.2.1 Seguimento e control

Para a solicitude de axudas dos promotores elaborárase un impreso modelo e unha guía do promotor na que se recollerán, entre outros, os seguintes aspectos:

- Documentación obrigatoria
- Requisitos e compromisos que supón a axuda
- Criterios de selección e valoración de proxectos
- Tipoloxía de accións e conceptos subvencionables
- Procedemento para tramitar a axuda

Como requisitos básicos que deberán cumprir os proxectos presentados ao abeiro do PEZ, establécense os seguintes:

- Innovadores e de calidade adecuados ao programa
- Proxectos viables técnica, económica y financeiramente
- Respetar a normativa vixente de aplicación
- Respectuosos co medioambiente, e incorporando medidas de control ambiental
- Dispor de autorizacións administrativas necesarias para levar a cabo o proxecto.

O GAC proporcionará aos promotores o apoio técnico directo para un plantexamento da iniciativa acorde co PEZ.

Unha vez presentada a solicitude esta se rexistrará e se lle adxudicará un número de expediente. Posteriormente se realizará unha inspección ao promotor para verificar o non inicio da acción, levantando, se é o caso, a **acta de non inicio**.

No caso de faltar algunha documentación, será solicitada por escrito establecendo un prazo máximo de presentación e informando do arquivo do expediente no caso de non presentala.

En caso necesario, se realizará consulta a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para confirmar a elixibilidade da axuda.

O expediente será valorado polo equipo técnico, que emitirá un informe técnico sobre o mesmo para presentalo conxuntamente ao órgano de decisión e control do GAC, para a súa aprobación.

A Xunta Directiva emitirá a decisión de aprobación ou denegación de proxectos en base ás liñas estratéxicas aprobadas no PEZ e o informe técnico.

Para notificación e aceptación da axuda por parte do promotor (contratos, compromisos, avais, etc.), se seguirán as instrucións emanadas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

En concordancia con estas instrucións, o GAC dará un prazo para o inicio do proxecto. O promotor notificará ao GAC o inicio do proxecto. Durante a realización do proxecto, e en función das características do mesmo, poderán requirírselle aos

promotores informes intermedios e/ou realizar inspeccións de seguimento do proxecto "in situ".

O pago das axudas o realizará a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos previo control da execución polo GAC. Para este fin o GAC realizará unha certificación da axuda e a oportuna inspección do proxecto. A emisión da citada certificación polo GAC solo se realizará despois de verificar:

- A documentación de realización e pago do proxecto (non pagos en metálico)
- Documentación de ter cumprido os trámites e requisitos legais para a posta en marcha e funcionamento do proxecto
- Documentación acreditativa de aspectos ligados á valoración do proxecto (emprego xerado, tipoloxía do emprego, etc.)
- Non ser incompatible con outras axudas
- Estar ao corrente das obrigacións tributarias e á SS
- Outra documentación requirida para determinar o correcto funcionamento do proxecto.

6.2.2 Sistema de auditorías

O proxecto terá un sistema de avaliación continua mediante o seguimento e control dos indicadores sinalados no punto 6.3.

A xestión financeira do GAC Ría de Arousa será controlada polos órganos de goberno da propia asociación. O cargo de tesourería da asociación, con voz pero sen voto, foi designado a proposta da mesa de sector público nunha persoa procedente de intervención xeral dunha administración local con coñecementos na xestión de fondos públicos e na aplicabilidade dos criterios de elixibilidade dos gastos.

A maiores, tal e como recolle o punto 4 do artigo 15º da orden que convoca o concurso de selección dos GAC, como medida de seguimento e control establécese un sistema de auditoría económica financeira e avaliación externa de control e seguimento reflexado no cadro dos gastos de funcionamento.

6.3 Indicadores de xestión

De cara a garantir a correcta execución do PEZ con relación tanto aos marcos de actuación establecidos para o presente programa, como á planificación orzamentaria e financeira, o GAC realizará un seguimento a través de actuacións complementarias, como son:

- Enquisas de satisfacción aos promotores dos proxectos e aos beneficiarios das accións realizadas e a aquelas persoas físicas ou xurídicas que soliciten información e/ou asesoramento ó GAC.

- Convocatoria periódica das mesas sectoriais (sector pesqueiro, económico, público e social) de cara a avaliar de forma cualitativa os resultados do Plan.

Ademais, o GAC utilizará un sistema de indicadores a través dos cales poderá, entre outras:

- Comprobar a eficacia e o correcto desenvolvemento da iniciativa e revisar periodicamente os avances realizados en relación á consecución dos obxectivos específicos establecidos no programa. Neste senso, os avances realizados polo programa en función dos obxectivos preestablecidos examinaranse a través dun sistema de indicadores.
- Velar polo cumprimento dos compromisos adquiridos polos promotores das accións concretas.
- Analizar os informes anuais de execución dos proxectos iniciados de cara a detectar posibles desviacións.
- Estudar os resultados do impacto da execución das accións.
- Estudar e aprobar, se é o caso, calquera proposta de modificación dos contidos dunha actuación concreta.

A continuación, plantéxase o sistema de indicadores referido aos resultados e ao impacto do Plan¹, seguindo as pautas emanadas dende a Comisión Europea para o seguimento e control de proxectos cofinanciados con Fondos Comunitarios.

Indicador	Medición temporal
% Gasto total realizado	Anual
% Gasto total realizado por liña estratéxica	
% Gasto total realizado por programa	
% Gasto realizado por acción	
% Gasto anual de funcionamento GAC	
% Gasto do GAC en acción de difusión e sensibilización	
Nº actividades económicas xeradas	
Presenza ou ausencia dos elementos transversais do PEZ - Fomento da igualdade de oportunidades	Anual
% de participación como promotores e promotoras en proxectos menores de 35 anos	
% de participación como promotoras en proxectos de mulleres	
% de participación como promotores en proxectos de colectivos desfavorecidos	
Presenza ou ausencia dos elementos transversais do PEZ - Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías	Anual
Nº de proxectos con incorporación de novas tecnoloxías	
Presenza ou ausencia dos elementos transversais do PEZ - Fomento da cooperación e da participación	
Nº medio de socios do GAC solicitantes de proxectos	
Nº medio de socios do GAC promotoras de proxectos	
Nº de proxectos de cooperación	
Nº medio de entidades participantes por proxectos	
Nº de solicitudes de información ao GAC	Anual
Nº de solicitudes de asesoramento técnico ao GAC	
Nivel de coñecemento sobre o PEZ, por parte de institucións e organismos potencialmente interesados	
% de beneficiarios satisfeitos con respecto ás labores informativas realizadas dende o GAC	
% de beneficiarios satisfeitos con respecto ás labores de asesoramento técnico realizadas dende o GAC	
Nº de accións de difusión e sensibilización realizadas dende o GAC	Anual
Nº de beneficiarios das accións de difusión e sensibilización realizadas dende o GAC	
Valoración segundo escala das accións de difusión e sensibilización realizadas dende o GAC	

¹ Os indicadores referentes ás accións propostas aparecen recompilados en cada ficha de acción individual

**D) ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PLAN
EXTRATÉXICO ZONAL**

1. MECANISMOS ESTABLECIDOS PARA GARANTIR A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

A preocupación pola protección da **igualdade de oportunidades** é un dos asuntos sociais máis importantes a escala comunitaria, nacional e rexional. Desde a entrada en vigor do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, o Tratado de Roma de 1957, o principio de igualdade de oportunidades constituíu un alicerce básico na política comunitaria, recolléndose sido recollido tanto nos programas comunitarios de igualdade de oportunidades como na normativa da Unión Europea.

A integración do principio de igualdade de oportunidades ten por obxecto velar porque tódalas medidas e intervencións teñan en conta, de forma aberta e activa —na programación, na aplicación e no seguimento e control do Plan no seu conxunto, e nas diferentes accións específicas— os efectos especialmente, sobre a situación respectiva das mulleres e dos homes, pero tamén doutros colectivos especialmente desfavorecidos, como poden ser persoas con algún tipo de discapacidade, os mozos e mozas, etc. Compre destacar tamén que a garantía do principio de igualdade de oportunidades cubre tamén o deseño, a aplicación e o seguimento e control complementarios de medidas correctivas e intervencións específicas destinadas a promover a igualdade e apoiar una participación paritaria.

A maior parte das medidas vinculadas ao fomento da participación das mulleres e doutros colectivos especialmente desfavorecidos nas accións con incidencia directa no emprego, emprendemento e formación, entre outras, van dirixidas a mellorar a súa empregabilidade, e con elo, a súa capacitación profesional para poder superar con maior facilidade situacións de precariedade laboral ou de desemprego. Tal e como se identificou na diagnose, no emprego directamente relacionado co mar —pesca, marisqueo e acuicultura- e coa transformación dos seus produtos, a forte diferenciación existente en canto ao xénero segundo a actividade realizada ven acompañada dunha baixa cualificación, polo que se fai necesario incidir en medidas que fomenten o acceso igualitario dos colectivos especialmente desfavorecidos ás accións concretas descritas no Plan; neste senso, aplícanse medidas correctivas nos criterios de valoración dos proxectos, favorecendo aquelas actuacións que incentivan a participación e fomento do emprego de colectivos con especiais dificultades de inserción.

Por outra parte, na propia descrición das accións propostas se establecen indicadores que evidencian o fomento do principio da igualdade de oportunidades, favorecendo a participación de determinados colectivos nas accións. O sistema de indicadores de xestión deseñado para medir a eficacia na execución do PEZ tamén incorpora medidas correctivas nesta liña.

No tocante ao propio funcionamento do GAC, incentivarase a igualdade de oportunidades en tódalas accións que se planifiquen mediante:

- A incorporación da linguaxe non sexista en toda a documentación xerada.
- O fomento da creación dun grupo permanente de traballo paritario.
- A realización de actividades de difusión nas que se faga fincapé nos incentivos da implicación dos proxectos de colectivos especialmente desfavorecidos.

2. ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS

O plan estratéxico trata de xerar actividades que impulsen a innovación permitindo desenvolver axustes na economía coa fin de xerar emprendemento e emprego. Neste sentido, igual que noutras iniciativas locais de desenvolvemento afóndase en diversos aspectos relacionados coa capacidade do territorio para aproveitar de forma eficiente os seus recursos endóxeos.

A Ría de Arousa é un espazo territorial que posúe unha identidade particular determinada pola súa orientación económica ao sector pesqueiro. A reorientación desta identidade é un elemento clave para o seu posicionamento estratéxico. O poder de atracción do territorio ten que ver cos factores de localización, pero tamén e sobor de todo coa aptitude para crear recursos e procesos innovadores.

O corpo estratéxico fluctúa arredor da idea de potenciar o factor imaxe territorial como elemento clave innovador. A integración do conxunto da Ría de Arousa

baixo unha imaxe única é a puntada inicial que permite ir cosendo as demais actuacións. A imaxe territorial non se plantexa como un elemento superficial senón transversal que permite orixinar externalidades derivadas da asociatividade, da proximidade territorial, das economías de aglomeración ou das relacións entre axentes, reducindo a incertidume e os custos de transacción. Afóndase implicitamente nunha nova mentalidade alonxada da imaxe subsidiada e pasiva tan asimilada socialmente ao sector pesqueiro e ábrese camiño á participación activa da xente do territorio, á mobilización de actores, institucións e entidades produtivas. Fóxese da percepción sectorial e parcializada da economía para dar paso a unha visión de entramado socioterritorial.

O territorio entón pasa a ser actor protagonista no impulso da produtividade e da competitividade cando é posible establecer redes que capitalicen a proximidade dos axentes que interactuen con el, en forma de aptitudes e comportamentos orientados á produción, transmisión e acumulación de coñecemento. É o saber facer, que pon en primeiro plano o mercado de traballo local e a súa importancia na transformación do entorno.

Os recursos humanos son fundamentais para que as empresas poidan afrontar cambios estruturais e en todo o Plan subxace a importancia deste factor produtivo. Por un lado a cualificación e calidade do emprego e por outro a capacidade para a xestión empresarial e a innovación e o establecemento de acordos de cooperación. A capacitación profesional aparece en algunhas accións como eixo prioritario e paso previo para abordar a eficiencia produtiva e a produtividade. A idea de complementariedade do traballo na pesca e o aproveitamento das sinerxias con outros factores está ostensiblemente presente no documento. O fomento da creatividade entre as traballadoras e traballadores como aposta pola innovación no seo da estrutura produtiva ou en colaboración con outras entidades é outra das apostas.

A diversificación produtiva e outro factor asociado á integración territorial, que debe entenderse en dous planos. Por un lado a través da exploración no seo das actividades económicas existentes da posibilidade de crear e comercializar novos produtos, e por outro en novas oportunidades de negocio xurdidas da valorización de recursos territoriais escasamente mercantilizados como moitos produtos do mar. En

ambos casos pasan ao primeiro plano conceptos como igualdade de oportunidades, cooperación, innovación e xeración de valor engadido. O esforzo de diversificación produtiva non sería tal senón se facilitara a incorporación das entidades produtivas de menor tamaño a este empeño e non se aproveitaran os beneficios na redución de custos que permite o establecemento de redes entre axentes económicos.

Finalmente apóstase por unha variable clave intrinsecamente asociada ao territorio: a sustentabilidade. O territorio innovador inviste na conservación do seu patrimonio ambiental e cultural e na xestión eficiente dos recursos como vía para a mantenza da identidade e a xeración de proxectos produtivos futuros.

3. PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA

O Plan ten como finalidade dar a coñecer o GAC tanto interna como externamente e tanto intraterritorial como extraterritorial. Para elo desenvolveranse as actividades necesarias de información sobre o funcionamento do GAC e as súas actuacións, de promoción social e publicidade a través de distintos medios e de transferencia da metodoloxía de xestión entre entidades adheridas ao GAC.

INFORMACIÓN PERSOALIZADA

1. A través de reunións nas administracións locais, sedes cooperativas, confrarías, asociacións, do territorio, especialmente cos colectivos máis representativos e os representados no GAC Ría de Arousa.
2. Na oficina do GAC Ría de Arousa a través do estudo e asesoramento de proxectos concretos, onde se ofrecerá información sobre as posibilidades de financiamento de proxectos a través dos fondos do Eixe 4 de Pesca. Prestarase especial atención á adaptación dos proxectos dos promotores aos obxectivos do PEZ.
3. Visitas a promotores potenciais para o desenvolvemento de novos proxectos.

INFORMACIÓN EN MEDIOS

1. Creación dunha páxina web como centro de información do GAC, onde estará dispoñible toda a información pública de interese do territorio, da Asociación GAC Ría de Arousa, das actuacións realizadas, dos proxectos a desenvolver e das posibilidades de financiamento de proxectos para promotores.
2. Información e publicidade en prensa con promoción especial do enderezo web.
3. Información e publicidade en radio con promoción especial do enderezo web.
4. Difusión de información a través de medios impresos e soportes informáticos, con indicación expresa do enderezo web.

PUBLICIDADE DO PROGRAMA

1. Publicidade das actuacións que se realicen con financiamento do GAC:
 - A. No transcurso da súa execución, se é o caso, a través dun panel informativo normalizado no que polo menos se indique: o nome do proxecto, as entidades participantes no financiamento, enderezo postal e web do GAC.
 - B. Finalizada a execución mediante placa identificativa normalizada, se é o caso, no que se especifique o nome do proxecto e o anagrama do programa e do GAC Ría de Arousa.
 - C. Edición de material impreso informativo
 - D. Información na páxina web
 - E. Difusión nos medios
2. Publicidade dos métodos e procedementos de funcionamento e xestión: documentos, metodoloxía de tramitación de axudas, normativa aplicable e valoración dos criterios de selección, entre outros, para a súa consulta pública.

4. SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO E DO GAC

A posta en marcha do Grupo de Acción Costeira Ría de Arousa supón un esforzo colectivo con incidencia sobre o conxunto do territorio. A creación dunha asociación para poñer en marcha o Plan Estratéxico Zonal, na que teñen cabida entidades de distintos sectores non só relacionados coa pesca, implica un avance tremendamente importante, que trascende aos requirimentos da posta en marcha do proxecto, para se converter nun punto de partida na transformación do territorio da Ría de Arousa.

Efectivamente, con independencia do alcance que teñan cada unha das accións concretas recollidas no PEZ, prodúcese un efecto maior que está intimamente ligado ao desenvolvemento local, como é o nacemento dunha entidade asociativa integradora, con vontade de continuidade no longo prazo, que articula unha idea global do territorio, de relación entre todos os axentes socioeconómicos na procura de obxectivos comúns.

Esta entidade servirá para pór en marcha outros proxectos, aproveitando a experiencia, o coñecemento acumulado e a metodoloxía de xestión, para acceder a novas subvencións, axudas, convenios de colaboración, ou para promover o financiamento, por outras vías, de novos proxectos.

Así mesmo, o Plan Estratéxico Zonal vira entorno a eixes que inciden sobre variables estruturais da economía local: mellora da competitividade sectorial e territorial, xeración de valor engadido do produto pesqueiro e dependentes da pesca, fomento da complementariedade nas actividades e no emprego do sector pesqueiro, innovación de proceso, produto e xestión organizativa, etc. Este feito, implicitamente está a indicar que o proxecto debe servir como palanca ou apoio para o impulso de iniciativas con continuidade no tempo que teñen aquí un punto de partida, pero non necesariamente un punto final.

Neste sentido, o feito de non dar continuidade a proxectos iniciados con motivo do desenvolvemento do plan estratéxico só serviría para desaproveitar unha oportunidade única e botar a perder un esforzo inicial que supuxo un custo importante para entidades e promotores. A propia natureza das accións concretas que se plantexan precisan dun tempo razoable para madurar e poder xerar beneficios, polo que o non

desenvolvelas máis alá do curto prazo non permitiría moitas veces rendabilizar o investimento inicial. Polo que cómpre explorar novas vías de axuda complementarias para o financiamento, pero sobre todo que os proxectos poidan ir autofinanciándose pouco a pouco.

Outros indicativos da sustentabilidade do proxecto teñen a ver coas variables emprego, oportunidades de negocio e mercado. As accións presentadas inciden no mantemento, na creación de emprego complementario. Tendo en conta os parágrafos anteriores sobra dicir que o obxectivo principal é xerar un incentivo para que os proxectos sobrevivan no tempo, dando permanencia tamén ao emprego creado e abrir unha vía alternativa ou complementaria para os traballadores e traballadoras do sector pesqueiro en outras actividades coas que se poidan desenvolver as sinerxias ou interrelacións.

Finalmente, o plantexamento estrutural e de longo prazo persegue que moitas das accións se orienten cara novos ámbitos de negocio aproveitando o saber facer local e a valorización de recursos locais explotables economicamente. Estas accións netamente innovadoras permiten un incremento na produción e no valor engadido dos produtos que deba traducirse nun maior volume de negocio con mantenza no tempo ao gañar en competitividade no mercado.

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RIA DE AROUSA

FICHAS DE ENTIDADES

DATA: 26/01/2009

FICHA DAS ENTIDADES ASOCIADAS AO GAC RÍA DE AROUSA.V2

FICHA DE ENTIDADE GAC RÍA DE AROUSA	
MESA SECTORIAL	SOCIAL
Nº ENTIDADE	Entidade nº 2
DATOS ENTIDADE	
NOME ENTIDADE	CON ROIBO
CIF	G36534303
REPRESENTANTE LEGAL	J. CARLOS ÁLVAREZ GUILLÁN
TIPO ENTIDADE	ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO
REPRESENTACIÓN GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA	
REPRESENTANTE GAC	J. CARLOS ÁLVAREZ GUILLÁN 35424198-N
REPRESENTANTE SUPLENTE	FRANCISCO PIÑEIRO CASAL 76857949-E
DATOS DE CONTACTO	
ENDEREZO	R/CONCHASES, 2
CONCELLO	O GROVE
TELEFONO	678591556
FAX	986733647
CORREO ELECTRÓNICO	inmobiliaria@calumbria.com

FICHA DAS ENTIDADES ASOCIADAS AO GAC RÍA DE AROUSA.V2

FICHA DE ENTIDADE GAC RÍA DE AROUSA	
MESA SECTORIAL	SOCIAL
Nº ENTIDADE	Entidade nº 3
DATOS ENTIDADE	
NOME ENTIDADE	ASOCIACIÓN ACQUA INNOVACIÓN Y TECNOLOGÍA
CIF	G36456879
REPRESENTANTE LEGAL	ALFREDO FERNÁNDEZ PRIETO
TIPO ENTIDADE	ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO
REPRESENTACIÓN GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA	
REPRESENTANTE GAC	ALFREDO FERNÁNDEZ PRIETO 35241934-T
REPRESENTANTE SUPLENTE	RAQUEL PADÍN SAMPEDRO 76824699-F
DATOS DE CONTACTO	
ENDEREZO	LG. PUNTA MOREIRAS, S/N APTO. 27
CONCELLO	O GROVE
TELEFONO	986731515
FAX	986732968
CORREO ELECTRÓNICO	info@acquariumgalicia.com

FICHA DAS ENTIDADES ASOCIADAS AO GAC RÍA DE AROUSA.V2

FICHA DE ENTIDADE GAC RÍA DE AROUSA	
MESA SECTORIAL	ECONOMICO
Nº ENTIDADE	Entidade nº 4
DATOS ENTIDADE	
NOME ENTIDADE	EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS (EMGROBES)
CIF	G36032498
REPRESENTANTE LEGAL	MARÍA DOLORES VÁZQUEZ VARELA
TIPO ENTIDADE	ASOCIACIÓN EMPRESARIAL
REPRESENTACIÓN GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA	
REPRESENTANTE GAC	MARÍA DOLORES VÁZQUEZ VARELA 76868368-E
REPRESENTANTE SUPLENTE	LORENZO LEIRO FERNÁNDEZ 35450796-E
DATOS DE CONTACTO	
ENDEREZO	R/LUÍS CASAIS, 1 1º
CONCELLO	O GROVE
TELEFONO	986732011
FAX	986732011
CORREO ELECTRÓNICO	emgrobes@emgrobes.org

FICHA DAS ENTIDADES ASOCIADAS AO GAC RÍA DE AROUSA.V2

FICHA DE ENTIDADE GAC RÍA DE AROUSA	
MESA SECTORIAL	ECONOMICO
Nº ENTIDADE	Entidade nº 5
DATOS ENTIDADE	
NOME ENTIDADE	CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA
CIF	G15799604
REPRESENTANTE LEGAL	ANDRÉS TEIRA AGEITOS
TIPO ENTIDADE	ASOCIACIÓN EMPRESARIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO
REPRESENTACIÓN GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA	
REPRESENTANTE GAC	ANDRÉS TEIRA AGEITOS 33203618-J
REPRESENTANTE SUPLENTE	EVA ABUÍN MARTÍS 35396300-J
DATOS DE CONTACTO	
ENDEREZO	R/MARIÑO DE RIVERA, 11 ENTRECHÁN A
CONCELLO	RIVEIRA
TELEFONO	981874647
FAX	981874647
CORREO ELECTRÓNICO	cecb@telefonica.net

FICHA DAS ENTIDADES ASOCIADAS AO GAC RÍA DE AROUSA.V2

FICHA DE ENTIDADE GAC RÍA DE AROUSA	
MESA SECTORIAL	ECONOMICO
Nº ENTIDADE	Entidade nº 6
DATOS ENTIDADE	
NOME ENTIDADE	CONSORCIO EMPRESARIOS ESTACIÓN NÁUTICA RÍAS BAIXAS
CIF	G36382398
REPRESENTANTE LEGAL	EDUARDO DOPAZO SUÁREZ
TIPO ENTIDADE	CONSORCIO – ASOCIACIÓN EMPRESARIAL
REPRESENTACIÓN GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA	
REPRESENTANTE GAC	EDUARDO DOPAZO SUÁREZ 34605068-G
REPRESENTANTE SUPLENTE	DIDIER M. ALBERT RAILLOT X-2145416-E
DATOS DE CONTACTO	
ENDEREZO	PORTO DEPORTIVO DE SANXENXO (LOCAL 8)
CONCELLO	SANXENXO
TELEFONO	609223203
FAX	
CORREO ELECTRÓNICO	info@enriasbaixas.com

FICHA DAS ENTIDADES ASOCIADAS AO GAC RÍA DE AROUSA.V2

FICHA DE ENTIDADE GAC RÍA DE AROUSA	
MESA SECTORIAL	PESCA
Nº ENTIDADE	Entidade nº 7
DATOS ENTIDADE	
NOME ENTIDADE	ASOCIACIÓN LOCAL BUQUES ARRASTREROS DE RIVEIRA
CIF	G15371958
REPRESENTANTE LEGAL	JOSÉ MARÍA SANTIAGO FONTAIÑA
TIPO ENTIDADE	ASOCIACION SECTORIAL
REPRESENTACIÓN GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA	
REPRESENTANTE GAC	JOSÉ MARÍA SANTIAGO FONTAIÑA 76504446-Y
REPRESENTANTE SUPLENTE	JOSÉ A. PÉREZ RODRÍGUEZ 33206955-S
DATOS DE CONTACTO	
ENDEREZO	PZ. DA LONXA, 28
CONCELLO	RIVEIRA
TELEFONO	981872680
FAX	981872648
CORREO ELECTRÓNICO	arrastre.riveira@gmail.com

FICHA DAS ENTIDADES ASOCIADAS AO GAC RÍA DE AROUSA.V2

FICHA DE ENTIDADE GAC RÍA DE AROUSA	
MESA SECTORIAL	SOCIAL
Nº ENTIDADE	Entidade nº 8*31*
DATOS ENTIDADE	
NOME ENTIDADE	ASOCIACIÓN SAGRES, EN DEFENSA DO LITORAL
CIF	G70158597
REPRESENTANTE LEGAL	JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ SAMPEDRO
TIPO ENTIDADE	ASOCIACION SEN ANIMO DE LUCRO
